



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 30 DE MARZO DE 2023

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as vinte horas do día trinta de marzo de dous mil vinte e tres, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. alcalde, don Óscar Alfonso García Patiño, e asisten:

### **Polo grupo municipal de UxC:**

D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS  
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO  
D.<sup>a</sup> MARÍA CARMEN PAN MATOS  
D. DANIEL MALLO CASTRO  
D.<sup>a</sup> MÓNICA VARELA GERMADE  
D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES PAN LESTA

### **Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:**

D.<sup>a</sup> LÚA SANGUIÑEDO ÁLVAREZ  
D. MIGUEL ÁNGEL GUTIÉRREZ NIETO  
D.<sup>a</sup> PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY  
D. DIEGO ALCANTARILLA REI

### **Polo grupo municipal do PP:**

D. JUAN MARÍA ABALO CASTEX  
D.<sup>a</sup> MARÍA JESÚS GONZÁLEZ ROEL

### **Polo grupo municipal do BNG:**

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ  
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

### **Polo grupo municipal do AV:**

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO  
D.<sup>a</sup> SANDRA SÁNCHEZ VIEITES

### **Polo Grupo Mixto:**

D.<sup>a</sup> MARÍA OLGA SANTOS LÓPEZ (de EU-Son en Común) (que se ausenta da sesión no momento que se expresa nesta acta)  
D.<sup>a</sup> MARÍA JOSÉ GARCÍA HIDALGO (de C's)

### **Concelleira non adscrita:**

D.<sup>a</sup> MARTA MARÍA VÁZQUEZ GOLPE

Non asiste á sesión a Sra. concelleira do grupo político de UxC, dona Elisa Pestonit Barreiros.

Asiste á sesión o interventor municipal, don Francisco Javier Ulloa Arias, e dá fe do acto a secretaria xeral, dona Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

Non obstante, problemas técnicos impediron a gravación da sesión, polo que se recolle nesta acta o contido íntegro da sesión, cos asuntos examinados, xunto coas opinións manifestadas polos membros da Corporación que interviñeron nas deliberacións e incidencias destas.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2022, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2022, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2022, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2023, Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2023, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 23 DE FEBREIRO DE 2023 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 23 DE MARZO DE 2023**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2022, á sesión extraordinaria do día 1 de decembro de 2022, á sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2022, á sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2023, á sesión extraordinaria do día 14 de febreiro de 2023, á sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2023 e á sesión extraordinaria do día 23 de marzo de 2023, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Con permiso da Presidencia intervén a Sra. secretaria xera e di que se detectou un erro na acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2023, no punto 3.2 *Dación de conta das resolucións de Alcaldía e concelleiros delegados/as e acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía*, ao terse transcrito unha relación de acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía que non correspondían a esta sesión, polo que procede a súa corrección no seguinte senso:

Nas páxinas 41 e 42, onde di:

«Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

### **Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de setembro de 2022**

- Aprobación do expediente de contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023. Expediente: 2022/C005/000012
- Aprobación do Plan de xestión de residuos e do plan de traballo presentados pola empresa "Construcciones Leonardo Miguélez, S.L." para a execución da obra denominada "Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas no Souto, Anceis, Cambre", financiada a través do Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 (código de procedemento MR701 E) da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). Expediente: 2022/C003/000006
- Adxudicación dos lotes 1, 2 e 3 e proposta de declaración de deserto do lote 4 do servizo de Organización e realización da Xuntanza do Maior a celebrar no Concello de Cambre. Expediente: 2022/C004/000028

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de outubro de 2022

- Aprobación do expediente de contrato mixto de subministracións e servizos para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial de Nadal 2022-2023. Expediente 2022/C005/000012, deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 27.09.2022
- Proposta de non división en lotes dos investimentos incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 2/2022"
- Aprobación do proxecto "Zona de espaxamento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre". Expediente 2022/C003/000009
- Prórroga á anualidade 2023 do contrato para o "Servizo de mediación e distribución entre os medios de comunicación social, de campañas institucionais, publicitarias e de comunicación do Concello de Cambre. Expediente 2020/C004/000013

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de outubro de 2022

- Prórroga á anualidade 2023, do contrato mixto para o servizo de "Intervención socioeducativa con xóvenes para o desenvolvemento de actividades de información e dinamización xuvenil a realizar na Casa da Xuventude – Casa das Palmeiras". Expediente 2022/C004/000004
- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Ártabra Comunicación, S.L., adxudicataria do "Servizo de gabinete de comunicación para o Concello de Cambre". Expediente 2015/C004/000010
- Proposta de adxudicación do contrato para a obra de Reposición e ampliación de hidrantes de protección contra incendios no P.I. de Espírito Santo, Cecebre. Cambre (A Coruña) a prol do licitador Construcciones Pan y Díaz S.L., no prezo ofertado de 38.041,54 euros sen IVE (46.030,26 euros IVE incluído). Expte: 2022/C003/000008
- Proposta de adxudicación da obra de "Arranxo e posta en valor do camiño municipal núm. 125 (Camiño inglés), a prol do licitador Mantido, S.L., no prezo ofertado de 40.062,56 euros sen IVE (48.475,70 euros IVE incluído). Expediente 2022/C003/000007

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de outubro de 2022

- Proposta de incoación de expediente para a imposición de penalidades á empresa ASFALGAL Técnicas Viarias SL por retirada da oferta no expediente "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)". Expediente 2022/C003/000007
- Proposta de adxudicación do contrato menor correspondente á subministración de libros a través da subvención para mellora das coleccións bibliográficas", a prol de Ermitas Valencia Romar, de Librería Suévia, no prezo ofertado de 6.109,85 euros sen IVE (6.354,24 euros IVE incluído). Expediente 2022/C002/000112

Debe dicir:

«Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de decembro de 2022

- Proposta de declaración de deserto, por falta de licitadores, do expediente de contratación para adjudicación, por procedemento aberto simplificado abreviado, da obra de *zona de espaxemento para cans en parcela municipal, sita na rúa Álvaro Cunqueiro, O Graxal-O Temple, Cambre*. Expediente: 2022/C003/000009
- Prórroga á anualidade 2023 do Lote 3 de "Serigrafía e sinalización" do contrato mixto de servizos e subministración da "Open Science Cambre" do Programa TDI "Todos deben involucrarse", a realizar nos anos 2021 e 2022 con opción de prórroga a 2023. Expediente: 2021/C005/000007
- Prórroga á anualidade 2023 do contrato do «Servizo de acondicionamento do contorno do río Mero, ao seu paso polo termo municipal de Cambre, en virtude de convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Cambre e "Augas de Galicia", para as anualidades 2021 a 2023»

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de xaneiro de 2023

- Declaración de deserto do Lote 2 "Subministración lotes de produtos do Nadal" do contrato mixto de subministración e servizos para a campaña de dinamización comercial do Nadal 2022-2023, expediente núm. 2022/C005/000012, por exclusión das dúas empresas presentadas á licitación

#### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de xaneiro de 2023

- Aprobación do Plan de seguridade e saúde presentado pola empresa "Mantido, S.L." para a execución das obras do proxecto denominado "Arranxo e posta en valor do camiño municipal nº 125 (Camiño Inglés)"

»

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2022, á sesión extraordinaria do día 1 de decembro de 2022, á sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2022, á sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2023, á sesión extraordinaria do día 14 de febreiro de 2023, á sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2023 e á sesión extraordinaria do día 23 de marzo de 2023, coa modificación da acta da sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2023 transcrita anteriormente, sendo aprobadas por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2022, a sesión extraordinaria do día 1 de decembro de 2022, a sesión ordinaria do día 29 de decembro de 2022, á sesión ordinaria do día 26 de xaneiro de 2023 (corrixida), a sesión extraordinaria do día 14 de febreiro de 2023, a sesión ordinaria do día 23 de febreiro de 2023 e a sesión extraordinaria do día 23 de marzo de 2023,

## 2. PARTE RESOLUTIVA

### 2.1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚM. 3/2023

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de marzo de 2023 (CVD: ktwK9Pd1492v0U000Bwl), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 23 de marzo de 2023, que transcrita di:

## «PROPOSTA

### Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 3/2023.

Vista a relación de facturas e gastos que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 39.171,83 euros.

Visto que as facturas e gastos que se pretende aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no exercicio, por no terse conformado con antelación suficiente para a súa aprobación, ou por acumulación de tarefas na Intervención municipal a finais do exercicio.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu informe JUA NUM 91 - REPARO 24 R de data 18 de marzo de 2023 (CVD: jTAjJoMveessavEpoZQ7).

Vista a nota informativa de secretaría 18/2023 de data 20 de marzo de 2023 (CVD: sdrvLDwxvW6TCoAM3zZ).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 3/2023 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2023 por importe de 39.171,83 euros, correspondente ás facturas e gastos, que se relacionan a continuación:

NÚM DE ENTRADA	DATA DE ENTRADA	NIF/CIF	NOME/ DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2022/173	27/01/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	120,84
F/2022/394	21/02/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	329,93
F/2022/396	22/02/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	133,40
F/2022/524	04/03/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	687,69
F/2022/920	27/04/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	175,23
F/2022/1021	05/05/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	660,48
F/2022/1348	24/06/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	111,40
F/2022/1450	05/07/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	71,51
F/2022/1758	25/08/2022	G15103500	FEDERACION GALEGA DE ATLETISMO	2.007,65
F/2022/2104	05/10/2022	B94066602	REPRESENTACIONES CHAPIN PRODUCCIONES, S.L.	9.425,90
F/2022/2413	04/11/2022	H15681612	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS POLIGONO ESPIRITU SANTO	271,90

F/2022/2457	10/11/2022	H15681612	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS POLIGONO ESPIRITU SANTO	271,90
F/2022/2895	30/11/2022	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	279,66
F/2022/2896	30/11/2022	B15397078	MAGA LIMPIEZAS, S.L.	372,68
F/2022/3052	13/12/2022	B01588482	BTYS COMMERCE S.L.	201,22
F/2022/3169	28/12/2022	H15284771	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS GRADUIL Nº 12	14,00
F/2022/3170	28/12/2022	H15284771	COMUNIDAD DE PROPIETARIOS GRADUIL Nº 12	20,00
F/2022/3182	29/12/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	731,20
F/2022/3183	29/12/2022	A15376569	SUMINISTROS VILA DE CAMBRE, S.A.	783,20
F/2022/3198	30/12/2022	B15535552	MERCARTABRIA, S.L.U.	547,34
F/2022/3207	30/11/2022	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR	5.665,44
F/2023/344	18/01/2023	A36122174	INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	1.424,34
F/2023/713	08/02/2023	B15752744	COFRINOX CORUÑA, S.L.U.	552,97
F/2023/715	08/02/2023	B15752744	COFRINOX CORUÑA, S.L.U.	145,2
F/2023/726	08/02/2023	B15031958	PROEL ASCENSORES, S.L.	111,93
F/2023/738	10/02/2023	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	108,9
F/2023/745	13/02/2023	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	140
F/2023/746	13/02/2023	P1500000C	DIPUTACION PROVINCIAL DE A CORUÑA	278
F/2023/747	13/02/2023	35557926H	CARRERA AMIL ELEUTERIO	847
F/2023/795	16/02/2023	J70244728	CERAMICAS TORREBAL S.C.	41,91
F/2023/810	20/02/2023	B15696149	ESTACION DE SERVICIO BUGALLO, S.L.	149,69
F/2023/965	03/03/2023	B06304984	ACQUAJET SEMAES, S.L.U.	11,88
F/2023/1238	10/03/2023	V70602701	GRUPO MUNICIPAL ALTERNATIVA DOS VECIÑOS DE CAMBRE	8.000,00
F/2023/1241	02/02/2023	S1500072B	CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR	4.477,44
<b>TOTAL</b>				<b>39.171,83 euros</b>

**Segundo:** Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

**Terceiro:** Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

Aberta a quenda de intervencións, o Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta, quen explica que se trae a pleno a aprobación de facturas por importe de 39.171,83 euros; que son facturas de gas, cotas da comunidade de propietarios do polígono do Espírito Santo e Graduil, reforzos de limpeza, subministración de vestiarios e EPIs e achegas ao servizo de comedor sobre rodas do terceiro trimestre do 2021.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Abalo Castex quen manifesta que se trae novamente a pleno un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, nesta ocasión o 3/2023, por un importe de 39.171,83 euros; que neste expediente relaciónanse unha serie de facturas, unha serie de gastos, que por parte da Intervención municipal diferéncianse por lotes.

Di que o primeiro lote estaría formado por unha serie de facturas e gastos por importe total de 19.445,80 euros, non fiscalizados de desconformidade; que o seguinte lote estaría fiscalizado de desconformidade sen efectos suspensivos, comprendendo facturas por importe de 2.954,70 euros, nas que a desconformidade baséase na ausencia de procedemento de contratación que non ten, para a Intervención municipal, carácter suspensivo ao tratarse de obrigas de tracto sucesivo nas que a Intervención municipal xa emitiu un informe desfavorable con efectos suspensivos con data 15 de xaneiro de 2023, polo mesmo obxecto e polo mesmo motivo, polo que non se reitera o carácter suspensivo do reparo; finalmente facturas polo resto do importe que se trae a aprobación, que son 16.771,33 euros, que se fiscalizan de desconformidade pola Intervención municipal ao non terse tramitado a contratación das prestacións, que non teñen carácter suspensivo ao ter sido obxecto de reparo suspensivo, igualmente, prestacións co mesmo obxecto e polo mesmo motivo en informe tamén de 15 de

xaneiro de 2023.

Continúa o Sr. Abalo Castex dicindo que a este respecto está clara a nota informativa número 28/2023 da Sra. secretaria municipal, na que se informa que os respectivos contratos, referidos ás prestacións respecto das que o Sr. interventor motiva os seus reparos en ausencia de procedemento, debéronse adjudicar a través dos procedementos e formas de adjudicación establecidos na lexislación vixente, resultando ademais que o artigo 37 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público prohibe a contratación verbal, contratacións verbais que están prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica, ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e que constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito; di que dende a súa opinión, dito sexa con todos os respectos, non poden compartir o criterio da Intervención municipal, conforme ao cal os reparos incluídos neste expediente non o son con carácter suspensivo, por ter sido xa informados con tal carácter en plenos anteriores, como se ese feito curara por si solo a irregularidade, por non dicir ilegalidade, da súa contratación, razón pola cal o voto do grupo municipal popular vai ser contrario á dita aprobación.

Di que respecto deste expediente queren resaltar a advertencia que o seu grupo xa fixo no mes de novembro, e no pasado mes de xaneiro, no pleno ordinario, respecto do cumprimento que se está dando á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do 19 de xullo do 2022 e do Tribunal Supremo na que se basea a anterior, que entenden que se tería que ter producido unha revisión de oficio nestes expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito nos que se tivera pasado absolutamente do procedemento legalmente establecido, co cal, di que se remiten ao que xa dixeron na súa intervención no pleno do mes de xaneiro, e o seu voto neste caso non pode ser favorable.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Carballada Rodríguez quen manifesta que dende o BNG van votar en contra.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Vázquez Golpe quen manifesta que respecto deste grupo de facturas que traen como recoñecemento xa número 3 do ano 2023, teñen vido insistindo reiteradamente na cantidade, xa non de recoñecementos extraxudiciais que se traen, poden ser 3 ou 4, ter un número de recoñecementos extraxudiciais relativamente pequeno ou relativamente grande, pero o que ocorre é que os importes finais que se pagan por esta vía, por vía de recoñecemento extraxudicial, é moi, moi preocupante; que lles pide que se fixen que só nun pleno, neste mesmo pleno de marzo, vanse pagar por vía de recoñecemento extraxudicial a cantidade de 384.000 euros, cre que son.

Continúa dicindo que lles chama a atención o informe que fai o técnico, o enxeñeiro municipal principalmente, á parte do que fai a secretaria e ao que se referirá na seguinte intervención, porque respecto do recoñecemento extraxudicial núm. 3 nas facturas de Naturgy parece ser que se formaliza un contrato de subministración de gas natural mediante adhesión á Central de Contratación da FEMP; iso faise en febreiro do 2019, prorrógase durante outro ano máis, co cal ata febreiro do 2021 o contrato continúa prorrogado; que o que ocorre é que dende febreiro de 2021 non temos un contrato de subministración de gas natural no concello, é dicir, a pregunta é moi sinxela, que pode ocorrer para que dende febreiro de 2021 permanezamos sen contratación dun servizo tan básico como é a subministración de gas natural ás instalacións municipais, nas que ademais hai menores?, están falando da Galiña Azul, están falando de centros de saúde, están falando de bibliotecas municipais, etc., co cal, só hai dúas opcións, ou ben a contratación da FEMP é un verdadeiro desastre, porque non funciona, o cal se permite dudar bastante, porque está feito por un organismo de recoñecida valía e constatado que é un organismo que non fai chapuzas, por así dicilo, ou ben un desastre é o que teñen no Goberno municipal, que dende febreiro do 2021 permanece sen contratar un servizo tan básico como é o gas para as calefaccións ou para os servizos que sexan precisos en edificios municipais.

Di que, ademais, o técnico di que non asina estas facturas porque, loxicamente, o servizo está en precario, pero non só di iso, porque di que tampouco ten os elementos técnicos necesarios para poder afirmar se as cantidades que está pagando o Concello de Cambre son ou non son adecuadas aos prezos de mercado, iso é o que di; nese informe dálles luz verde, porque ben, hai unha serie de discrepancias con decimais e demais, pero realmente o que o técnico está dicindo é que esta situación, de manterse no tempo, non saben como vai terminar, por máis e máis escritos e actualizacións que mande Naturgy ao concello informando das actualización de tarifas para o usuario, porque iso no Concello de Cambre non saben no futuro como vai derivar, polo tanto, parécelle un feito a destacar e a corrixir, e tamén o di respecto da subministración de electricidade ao que se referirán no próximo punto.

Di que neste sentido, ao haber reparos tan reiterados, que se ben non teñen carácter suspensivo porque o interventor entende que non debe reiterarse na súa suspensión, si son servizos que se están contratando, como di o informe da secretaria, que prescinden total e absolutamente do procedemento, de forma verbal, e que están en precario, o seu voto será en contra.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen manifesta que só quere puntualizar unha cousa respecto do informe do que falaba a concelleira, do enxeñeiro, que está asinado en xaneiro de 2023; di que nese mesmo informe pon que actualmente estase estudando a posibilidade de tramitar un novo contrato para a subministración do gas natural para a adhesión á Central de Contratación da Federación Española de Municipios e Provincias; que eses acordos marco teñen tamén unha duración, e logo teñen que volvelos a sacar, e iso explicarao tamén logo respecto das facturas eléctricas, que tamén pasou. Di que houbo unha época en que coincidiu, non sabe se no mes no que se acababa o acordo marco o ano pasado, nos que as subministracións de gas e electricidade estaban polas nubes; que subscribirse nese momento aos acordos marco supoñía, no caso da electricidade, un incremento do 357% sobre o que se estaba pagando, e por iso se optou por seguir pagando prezos de mercado, os que lles está cobrando neste caso Naturgy Iberia; que non se fixo a adhesión nese momento, pero o enxeñeiro, nese informe que viron, si que di que actualmente estase estudando a posibilidade de adherirse na actualidade a ese acordo marco; que ela entende, aínda que el non o pon, entende que os prezos dende o ano pasado ata este ano regularizáranse e irían á baixa; que se o están estudando será porque o ven factible.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de marzo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parcero Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Santos López, García Hidalgo e Vázquez Golpe.

Abstencións: Dúas (2), dos/as Sres./as: Varela Fraguío e Sánchez Vieites.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de marzo de 2023 (CVD: ktwK9Pd1492v0U000Bwl), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPEDIENTE NÚM. 4/2023**



A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de marzo de 2023 (CVD: 5+yv+FNc5zX5PDQgTTXk), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 23 de marzo de 2023, que transcrita di:

### «PROPOSTA

#### **Asunto: Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 4/2023**

Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 344.835,89 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron con cargo aos créditos do exercicio correspondente, ao quedar pendentes de aprobación e da súa adecuada contabilización con cargo ao orzamento correspondente por non terse conformado ou non terse presentado no concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a obra ou subministración, por no terse conformado con antelación suficiente para a súa aprobación, ou por acumulación de tarefas na Intervención municipal.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a "expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio".

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. ("Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

Por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Vista a fiscalización realizada pola intervención municipal, tal e como preceptúa o artigo 214.2 a) do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no seu informe JUA NUM 91 - REPARO 24 R de data 18 de marzo de 2023 (CVD: jTAjJoMveessavEpoZQ7).

Vista a nota informativa desfavorable de secretaría 18/2023 de data 20 de marzo de 2023 (CVD: sdvfLDwxvxW6TCoAM3zZ).

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención JUA NUM 91 - REPARO 24 R de data 18 de marzo de 2023 (CVD: jTAjJoMveessavEpoZQ7).

**Segundo:** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 4/2023 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2023 por importe de 344.835,89 euros, correspondente ás facturas que se relacionan a continuación:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

NÚM DE ENTRADA	DATA DE ENTRADA	NIF/CIF	NOME/ DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2022/112	13/01/2022	B15856339	INGENIERIA MEDIO AMBIENTE Y PREVENCION DEL NOROESTE, S.L.U	151,25
F/2022/1273	07/06/2022	B70044714	ARQUESTUDIO, S.L.	1.082,95
F/2022/1488	06/07/2022	J70314216	ANTONIO VAZQUEZ SANTOS ARQUITECTURA Y CONSTRUCCION, S.C.	4.840,00
F/2022/2059	03/10/2022	B02612844	EYOS COMUNICACION DIGITAL Y DEMOSCOPIA, S.L.	1.265,66
F/2022/2511	15/11/2022	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	283,23
F/2022/3060	14/12/2022	B15902802	NAISA SEGURIDADE LABORAL, S.L.	4.011,49
F/2022/3063	14/12/2022	B70434675	PRESENZA SISTEMAS TECNOLOXICOS, S.L.	2.752,75
F/2022/3153	26/12/2022	33299557L	SARMIENTO NOGUEIRA DAVID	907,5
F/2023/81	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	703,40
F/2023/82	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	746,87
F/2023/83	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	308,07
F/2023/84	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	60,94
F/2023/85	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	48,77
F/2023/86	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	218,24
F/2023/88	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	219,13
F/2023/89	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	727,06
F/2023/90	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	153,02
F/2023/91	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	181,86
F/2023/92	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	190,54
F/2023/93	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	498,94
F/2023/94	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	81,72
F/2023/95	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	109,46
F/2023/96	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	117,50
F/2023/97	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.115,12
F/2023/100	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	256,69
F/2023/101	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	85,69
F/2023/102	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	43,77
F/2023/103	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	225,44
F/2023/104	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	18,78
F/2023/106	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	354,68
F/2023/107	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	167,96
F/2023/108	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	339,19
F/2023/109	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.350,13
F/2023/110	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	197,37
F/2023/113	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	114,27
F/2023/114	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	101,41
F/2023/116	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	353,42
F/2023/117	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	46,32
F/2023/118	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	21,64
F/2023/119	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	104,24
F/2023/120	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	170,63
F/2023/121	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	314,99
F/2023/122	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	196,14
F/2023/123	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	83,65
F/2023/125	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	16,80
F/2023/126	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	128,30
F/2023/127	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	61,10
F/2023/128	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	14,81



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2023/129	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	88,24
F/2023/130	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	574,63
F/2023/131	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	191,49
F/2023/132	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	203,03
F/2023/133	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	156,50
F/2023/135	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	80,23
F/2023/136	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	81,29
F/2023/137	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	105,76
F/2023/138	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	257,66
F/2023/139	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	450,69
F/2023/140	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	233,03
F/2023/141	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	295,14
F/2023/142	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	107,23
F/2023/143	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	129,30
F/2023/144	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	63,81
F/2023/145	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	11,34
F/2023/146	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	242,98
F/2023/147	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	274,32
F/2023/148	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	12,62
F/2023/149	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	105,03
F/2023/150	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	597,90
F/2023/151	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	532,98
F/2023/152	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	145,36
F/2023/153	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.089,94
F/2023/154	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	411,67
F/2023/155	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	310,75
F/2023/156	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	389,44
F/2023/157	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	250,11
F/2023/158	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	332,51
F/2023/159	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.294,22
F/2023/160	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	310,25
F/2023/161	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	79,75
F/2023/162	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	380,19
F/2023/163	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	499,83
F/2023/164	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	105,77
F/2023/165	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	150,79
F/2023/166	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	265,56
F/2023/167	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	375,17
F/2023/168	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	512,40
F/2023/169	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	239,69
F/2023/170	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	79,46
F/2023/171	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	477,94
F/2023/172	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	8,15
F/2023/173	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	655,67
F/2023/174	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	290,97
F/2023/175	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	154,71
F/2023/176	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	129,41
F/2023/177	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	319,37
F/2023/178	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	94,37
F/2023/179	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	289,11
F/2023/180	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	19,33
F/2023/181	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	199,83



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2023/182	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	26,95
F/2023/183	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	257,04
F/2023/184	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	455,98
F/2023/185	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	124,08
F/2023/187	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	125,46
F/2023/188	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	48,60
F/2023/189	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	214,42
F/2023/190	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	164,15
F/2023/191	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	659,97
F/2023/192	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.101,14
F/2023/193	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	84,99
F/2023/194	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	108,68
F/2023/195	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	407,37
F/2023/196	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	234,69
F/2023/197	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	156,86
F/2023/198	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	162,91
F/2023/199	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	795,39
F/2023/200	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	520,47
F/2023/201	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	97,26
F/2023/203	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	67,52
F/2023/204	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	85,72
F/2023/205	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	291,69
F/2023/206	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	564,05
F/2023/207	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	723,70
F/2023/208	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	422,65
F/2023/209	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	68,08
F/2023/210	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	58,05
F/2023/211	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	267,26
F/2023/212	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	3,97
F/2023/213	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	7,47
F/2023/214	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	563,10
F/2023/215	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	828,49
F/2023/216	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	86,79
F/2023/217	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	9,95
F/2023/218	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	89,17
F/2023/219	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	202,09
F/2023/220	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	9,46
F/2023/221	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	537,59
F/2023/222	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	394,94
F/2023/223	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	6,10
F/2023/224	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	147,62
F/2023/225	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	496,21
F/2023/226	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	70,96
F/2023/227	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	290,69
F/2023/228	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	214,03
F/2023/229	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	208,34
F/2023/230	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	233,58
F/2023/231	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	142,00
F/2023/232	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	472,07
F/2023/233	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	369,53
F/2023/234	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	189,93
F/2023/235	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	53,54



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2023/236	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	57,08
F/2023/237	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	237,38
F/2023/238	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	56,06
F/2023/240	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	51,45
F/2023/241	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	60,71
F/2023/242	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	196,01
F/2023/243	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	88,64
F/2023/244	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	147,50
F/2023/245	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	186,55
F/2023/246	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	6,88
F/2023/247	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	318,12
F/2023/248	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	181,10
F/2023/249	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	318,82
F/2023/250	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	318,10
F/2023/251	05/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	111,31
F/2023/261	06/01/2023	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	365,66
F/2023/265	06/01/2023	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	1352,22
F/2023/266	06/01/2023	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	7,62
F/2023/280	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	505,11
F/2023/281	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	393,42
F/2023/282	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	702,79
F/2023/284	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	662,10
F/2023/285	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	300,58
F/2023/286	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	571,85
F/2023/287	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	956,96
F/2023/288	09/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	55,43
F/2023/332	16/01/2023	B70456959	OFILINK PAPELERIA, S.L.	4,21
F/2023/381	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	15.295,80
F/2023/382	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	35.940,96
F/2023/383	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	29.297,81
F/2023/384	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	36.589,50
F/2023/385	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	37.219,19
F/2023/387	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	5.872,79
F/2023/388	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	2.773,61
F/2023/389	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.315,05
F/2023/390	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	9.165,56
F/2023/391	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	2.323,25
F/2023/392	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.869,62
F/2023/393	26/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	7.620,89
F/2023/401	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	5.415,68
F/2023/402	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	4.923,15
F/2023/403	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	5.376,40
F/2023/404	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	5.313,29
F/2023/405	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	3.475,49
F/2023/406	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	3.331,50
F/2023/407	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	1.792,08
F/2023/408	27/01/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	2.951,56
F/2023/530	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	78,87
F/2023/531	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	43,56
F/2023/532	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	333,05
F/2023/533	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	110,84
F/2023/534	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	284,13



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

F/2023/535	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	19,85
F/2023/536	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	172,52
F/2023/537	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	79,80
F/2023/538	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	70,00
F/2023/540	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	41.046,60
F/2023/545	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	18,39
F/2023/571	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	11.064,62
F/2023/579	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	9.931,05
F/2023/585	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	19,35
F/2023/615	08/02/2023	A08431090	NATURGY IBERIA, S.A	18,86
F/2023/739	10/02/2023	32450153M	ROBELO PARDO CARLOTA PILAR	1.210,00
F/2023/761	15/02/2023	B70089370	CAMBRE OCIO, S.L.	135,00
			<b>TOTAL</b>	<b>344.835,89 euros</b>

**Terceiro:** Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

**Cuarto:** Dese traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.»

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. Pan Lesta quen di que propoñen ao pleno levantar os reparos formulados pola Intervención municipal e aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos núm. 4/2023, de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2023, por importe de 344.835,89 euros. Di que dese total, 328.475,08 euros correspóndense a facturas de subministración de electricidade; o resto son facturas para os cursos de formación de ADL, asistencia técnica, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade de obras ou o servizo de whatsapp de atención cidadá dos meses de marzo, abril e maio do 2022.

Di que cabe sinalar que en relación coa subministración eléctrica estase a estudar agora mesmo a adhesión ao acordo marco do Ministerio de Facenda e Función Pública, o que permitiría regularizar a situación de todas estas facturas, porque no momento en que tocaba volvernos adherir ao acordo marco da FEMP, os prezos que se barallaban nese acordo marco, e aos que se tiñan que subscribir, supoñían un incremento no prezo das facturas dun 357% e por iso optaron por non adherirse ao acordo da FEMP, tróuxose a pleno a adhesión á Central de Contratación do Ministerio e agora estase estudando ese acordo marco do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Continúa dicindo que é importante explicar tamén que neste recoñecemento extraxudicial de crédito non vén ningunha factura con ausencia total de procedemento, que son as facturas ás que se refire a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia núm. 722/2022, que fala, e o di expresamente, de previa revisión de oficio ante a ausencia absoluta de procedemento; que esas facturas poden separarse deste recoñecemento extraxudicial, porque tal e como explicou nas comisións informativas, solicitouse a principios deste mes un informe ao Consello Consultivo para que lles diga que procedemento deben de seguir en relación con esas facturas, facturas que, volve dicir, non veñen ningunha delas neste recoñecemento extraxudicial de crédito.

Di que ao Goberno tampouco lle gusta traer aquí expedientes extraxudiciais de crédito con reparos suspensivos a pleno, pero é verdade, e todos o saben, que os servizos hai que seguir prestándoos, teñen uns veciños aos que atender e os servizos hai que prestalos; que igual as facturas que veñen non seguen o procedemento que deberían de seguir;ponse no informe de Intervención que se usa o contrato menor cando non se debería de usar, pero si hai un procedemento; di que tamén son conscientes de que se eses servizos se prestan, hai empresas que prestan eses servizos e tamén lles teñen que pagar; e tamén di o informe do interventor, na súa consideración primeira, que é a súa obriga pagarlles aos provedores.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Abalo Castex quen manifesta que vai empezar polo último, polo que acaba de dicir a concelleira competente; que evidentemente aquí os prexudicados son as empresas que executaron as obras, que prestaron os servizos, porque eles non teñen a culpa da mala tramitación dos expedientes por parte do equipo de goberno, por parte dos concelleiros que teñen a competencia en cada unha das concellerías; que dixo a concelleira que non lles gustan os recoñecementos extraxudiciais de crédito, e dille que con este xa hai un máis por mes que levan de ano; que con este vai traer á aprobación mediante recoñecementos extraxudiciais de crédito nada máis e nada menos que case 400.000 euros no terceiro mes do ano, só no terceiro mes. Expediente este sobre o cal o Grupo Municipal Popular xa manifestou as súas dúbidas nas pasadas comisións informativas ao contar cunha nota desfavorable da secretaria, como dixo antes, número 18/2023, e un informe de fiscalización da Intervención municipal que conclúe con reparos suspensivos de desconformidade por diversos motivos, entre eles, a Intervención municipal fala de ausencia de procedemento de contratación, cun importe total de 328.610 euros e o resto, 16.000 euros, por non terse tramitado a contratación das prestacións, é dicir, tampouco hai un procedemento neses supostos; importe total do expediente, 344.835,89 euros, de gastos e facturas que se tratan de pagar e regularizar mediante un procedemento que padece de vicio de nulidade de pleno dereito, ao non terse declarado previamente de oficio a súa nulidade de pleno dereito, contravindo, polo tanto, tanto a Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, como a Lei de contratos do sector público.

Continúa o Sr. Abalo Castex a súa intervención e di que con base nese informe de fiscalización da Intervención municipal, a secretaria xeral emite a súa nota informativa 18/2023, tamén desfavorable, na que se lembra que nos supostos de ausencia de contratación debería terse adxudicado conforme aos procedementos e formas de adxudicación establecidos na lexislación vixente, sempre que estivera debidamente xustificada a necesidade e idoneidade da contratación, así como o prezo, reiterando a prohibición da contratación verbal, salvo que o contrato teña o carácter de emerxencia, e o fraccionamento do obxecto do contrato, cos que se pretende diminuír a súa contía e eludir así os requisitos de publicidade ou de adxudicación correspondentes; que pola Secretaría municipal dise que as contratacións verbais están prohibidas expresamente pola lexislación vixente, o que constitúe unha transcendente infracción xurídica ao supoñer unha omisión total e absoluta do procedemento legalmente establecido, e constitúe unha causa de nulidade de pleno dereito, correspondéndolle á Intervención municipal apreciar a posibilidade e conveniencia da revisión dos actos ditados con infracción do ordenamento xurídico.

Di que se vén así, unha vez máis, a coincidir co criterio reiteradamente manifestado polo Grupo Municipal Popular nos dous últimos mandatos, no que este grupo ten votado sempre en contra, como non pode ser doutra forma; que falaba o equipo de goberno nas comisións informativas de que solicitaron un informe do Consello Consultivo de Galicia; que teñen sacado agora da manga esa consulta ao Consello Consultivo de Galicia única e exclusivamente para que non chegara a tempo; preguntalles se teñen falado co Consello Consultivo para ver se era posible que ese informe estivera presente nas datas máis próximas; dilles que el si, e a semana que vén, como moito a seguinte, van ter ese informe, co cal a súa proposta é que este asunto, como xa dixeron no mes de xaneiro, quede sobre a mesa, porque en apenas 15 días, como moito, ese informe vai estar aquí; di que con independencia de cal sexa o resultado dese informe que teñen solicitado e que se sacaron da manga nun procedemento que non é o establecido, porque o que terían que ter feito era unha revisión de oficio, traer aquí a solicitude de ditame a pleno do Consello Consultivo, dentro dun procedemento de revisión de oficio que declare a nulidade deses expedientes, deses procedementos, non se fixo, non se ten seguido o procedemento legalmente establecido, pese a que o PP leva dende o mes de xaneiro preguntándolles, tanto en xunta de voceiros, como en comisións informativas, como en pleno, se se está seguindo a normativa e a xurisprudencia aplicable, e estáselles dicindo que si; di que non, non se está cumprindo, e por riba sacan da manga un trámite que non existe.

Conclúe dicindo que, polo tanto, solicitan desde o Grupo Municipal Popular que este asunto quede sobre a

mesa; motivos, a inminente remisión, como xa dixo antes, polo Consello Consultivo de Galicia do informe ou ditame que o propio Goberno solicitou e que non existe ningunha dúbida, con independencia do seu resultado, que nunca vai ser de aplicación preferente nin á normativa, nin á xurisprudencia vixente, tanto do Tribunal Supremo como do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; que, polo tanto, solicitan que este asunto quede sobre a mesa e esixirán, entre outras cousas, o cumprimento da normativa vixente, e da sentenza da xurisprudencia, tanto do Tribunal Supremo como do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O Sr. presidente concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío quen manifesta que neste caso traen outra vez facturas con reparos, tónica habitual, e que así ao louco, novamente volven saltarse os informes de Secretaría e Intervención; que poderían entender incluso, nalgúns casos, algunhas por razóns de urxencia, imprevistos, pero que no documento que se lles enviou hoxe veñen 11 folios con listaxes de facturas nas que hai algunhas que levan anos pedíndolles unha solución e que non se fai nada; que hoxe, como comentaba o voceiro do PP, son máis de 300.000 euros, e falan de montantes no que vai de lexislatura de millóns de euros, o cal non é ningunha broma; que o problema é que isto vén, en moitos casos, por unha falta de previsión, como hoxe é o caso sobre todo de facturas de Naturgy, pero outras veces vemos que é totalmente unha falta de previsión, que á súa vez vén dado por unha falta de xestión.

Conclúe dicindo que saben que as empresas teñen que cobrar polos servizos contratados e que hai que ofrecer eses servizos, como comentaba antes, pero dilles que consideran que esta non é a forma de facer.

O Sr. presidente concede o uso da palabra á Sra. García Hidalgo quen manifesta que, en relación con este asunto, a ela gustaríalle lembrar que cando en xuño do 2020 se aprobou o Plan económico-financieiro para 2020-2021, con motivo da liquidación daquel orzamento de 2019, viron xa como cando aquela liquidación xa o departamento de Intervención informaba sobre os acordos aprobados polo equipo de goberno, contrarios aos reparos emitidos por Intervención ao pago de numerosas facturas.

Di que menciona isto porque xa naquel entón advertíamos que aprobalas era algo que tiña que ser de carácter excepcional, e que o equipo de goberno non fixera nada para frear ese uso abusivo desa práctica; que a día de hoxe tampouco se ten avanzado moito, porque a través dos recoñecementos extraxudiciais de crédito, como estes que están tratando hoxe, e baseándose na teoría do enriquecemento inxusto para a administración, séguense aprobando este tipo de facturas; que xa dixeron que o problema podía ser, aínda que soe un pouco forte, pero era para poñer un exemplo, que podía ser unha antesala da corrupción; di que é porque se trata dun mecanismo que permite o pago a quen ten executado un servizo sen amparo legal; que ese é en realidade o problema, distinguir cando iso se produce por unha necesidade real, ou por unha emerxencia, ou cando se produce por calquera outro tipo de interese e, claro, acódesese sempre, como unha constante, a esa teoría do enriquecemento inxusto nos acordos contrarios aos reparos de Intervención, como se iso fose unha garantía para a continuidade dun servizo, cando esa non é a finalidade da teoría do enriquecemento inxusto.

Di que é que é unha práctica moi recorrente, igual que se usa aquí posiblemente se use en máis sitios, pero esa práctica adultera elementos tan esenciais dun contrato como pode ser a súa duración; que temos contratos caducados, totalmente nulos dende hai anos e outros sen un proceso de contratación en marcha.

Di que quixo lembrar ese feito porque xa no 2020 as axencias anti-fraude naquel momento buscaban a maneira de que se depurasen responsabilidades, precisamente porque aquí cabía de todo, cabían as boas intencións e as malas, e que se depuraran esas responsabilidades, tanto das autoridades como do persoal ao servizo das administracións que poidan ordenar, pola súa conta e risco, a prestación dun servizo á marxe do ordenamento xurídico, como ven que informan os técnicos. E tamén responsabilidades, como non, ás entidades, tanto públicas como privadas, que sendo conscientes da ilegalidade deciden executar igualmente a prestación e garantirse o cobro deses servizos.



Continúa dicindo que agora ven, tres anos despois de que esas axencias informaran, pois hai unha sentenza recente que di que debe de haber unha revisión de oficio previa para declarar a nulidade de pleno dereito nos casos de inexistencia de procedemento de contratación, e é polo que se informa desfavorablemente a este recoñecemento extraxudicial de crédito; que parece que esas axencias anti-fraude, xa no 2020, algo de razón levaban; que de feito, o Goberno ten dito, agora e en comisións, que solicitaron ao Consello Consultivo que se pronuncie en canto ao modo no que deben de proceder, parécelle adecuado, se dubidan tamén da sentenza do tribunal, tamén está ben esa consulta ao Consello Consultivo; que ela agardaba que estivera a resposta, non pode estar, polo que excepto que este asunto se retire, o seu voto vai ser en contra.

Concedido o uso da palabra á Sra. Vázquez Golpe manifesta que a ela particularmente preocúpalle todo este procedemento que cre e comparte coa Sra. secretaria, que é erróneo, e cre particularmente que a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de xullo do 2022 é clarísima en tal sentido; que a ela persoalmente non lle faría falta para proceder a esa revisión de oficio e declarar a nulidade deses contratos e proceder á súa liquidación previa a ese recoñecemento extraxudicial, pois ela non tería dúbida, pero ben, tamén entende que un concello pois ten unha responsabilidade moi grande, os técnicos teñen unha gran responsabilidade nese sentido e fixeron unha consulta ao Consello Consultivo.

Di que a ela gústalle ser prudente sempre o ten dito, entón, mentres non se manifeste o Consello Consultivo, pois van ver o que di; que ela está segura do que vai dicir, porque no informe de Secretaría, ademais, o di clarisimamente, e nesa sentenza aínda máis.

Continúa a súa intervención e que continuando co que lles trae ao caso, que é que se van pagar por recoñecemento extraxudicial unhas facturas dun importe altísimo, a ela preocúpalle especialmente cal vai ser a solución, porque están aquí falando de se isto é legal, que se é ilegal, e iso efectivamente xa se verá, van agardar ao que diga o Consello Consultivo, pero a realidade é esa; que entón, volve reiterar, teñen que as facturas de subministración eléctrica está en precario o contrato, está caducado, este en concreto, dende o 31 de xaneiro de 2021.

Di que insiste, e pregunta que ocorre para que a concelleira de facenda manifeste neste pleno que a adhesión á Central de Contratación da FEGAMP supón un 300% de incremento; que non llo está discutindo, estalle preguntando que ocorre, como é posible que unha entidade como a FEGAMP poña a disposición dos concellos unha plataforma de contratación na que se lle incrementa un 300% o prezo da luz a un concello; que iso manifestouno a concelleira e entón, aquí, evidentemente hai un problema, e o Concello de Cambre algo ten que dicir a ese problema, porque o servizo non pode seguir sen contratar; unha de dúas, ou é totalmente irresponsable a FEGAMP ou é totalmente irresponsable o Goberno de Cambre; ela quere sabelo; que como veciña gustaríalle que llo explicaran, gustaríalle que lle explicaran por que se está estimando agora a valoración dun contrato e por que esa plataforma supón eses altísimos custos, e se o Concello de Cambre requiriu dalgún modo, ou solicitou dalgunha forma un informe técnico para dar traslado da queixa á FEGAMP, porque se iso é así os concellos terían que estar en pé de guerra, e se non o están, mal feito está; que haberá que denunciar esta situación, para ter o contrato legalizado e non en precario.

Di que din que non veñen facturas con ausencia total e absoluta de procedemento, ela entende que si, que a maior parte das facturas que veñen o son prescindindo total e absolutamente do procedemento, unhas porque son de tracto sucesivo, outras porque efectivamente, como dicía a concelleira, si que seguen algún tipo de procedemento de contratación, aínda que non sexa o adecuado, pero é que aquí veñen facturas gordísimas contratadas de forma verbal, pero gordísimas, como son todas as de Naturgy, por exemplo, e algunha máis.

Di que o que ocorre é que a secretaria no informe dilles exactamente que cómpre sinalar que en relación a ese extremo, necesidade da revisión de oficio previa ao recoñecemento de obrigas ....

O Sr. alcalde intervén para pedirle á Sra. Vázquez Golpe que vaia rematando a súa intervención.

A Sra. Vázquez Golpe di que na sentenza se establece a necesidade de proceder a tal revisión de oficio, e engade que aquí hai un revoltó de facturas.

O Sr. alcalde indícalle que rematou o seu tempo.

Concedido o uso da palabra á Sra. Pan Lesta manifesta que tentará ser breve e dar resposta a todo. Dille á Sra. Vázquez Golpe que non é a FEGAMP, que é a FEMP, acordo marco da FEMP, e que cando lles tocaba e se estaba acabando o acordo marco ao que estaban subscritos, o concello abriu un novo procedemento de contratación, foi no ano 2022, e cando tiñan a proposta de adxudicación fai un informe o enxeñeiro, valorando os prezos que lles ofertan; e que no informe que fai o enxeñeiro di que optar a adherirse ao acordo marco, nese caso era Iberdrola a adxudicataria deses lotes, a Central da FEMP, lotes 1, 2 e 3 para subministración da electricidade en alta e baixa tensión para Cambre suporía, e di que están falando de setembro do 2022, suporía unha porcentaxe de incremento medio só dos custos de enerxía, e antes dixo 300 e pico e errou, cambiou os datos, é 531,41%; que nese momento optouse por non seguir adiante co procedemento e é cando se empeza a valorar a adhesión á Central de Contratación do Estado, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Reitera que nese momento desestimouse seguir adiante co procedemento da FEMP porque era un incremento dun 531% en relación ao custo da electricidade que lles estaba facturando nese momento; que por iso se desistiu, e a partir de aí intentouse outra solución, ir á plataforma do Estado; que agora mesmo estase estudando se os prezos que se lles ofertan a través da empresa adxudicataria do acordo marco son factibles ou tamén están fóra de mercado; que van moito mellor que os da FEMP, o informe aínda non está elaborado.

Di que dixeron de se o Goberno tiña falado co Consello Consultivo, dilles que o que lle estraña é que si os reciban a eles e en cambio falou o técnico de Intervención e dixéronlle que ese non era o procedemento e que o tiñan que pedir por escrito; que dirixiuse un escrito directamente dende Intervención e a resposta é que Intervención non é quen ten que facer a solicitude, ten que facela o Sr. alcalde; que entón remitiuse un segundo escrito, que asinou o Sr. alcalde e é o que están pendentes de informe, que lles dixeron que ao longo deste mes ían recibilo; di que si que falaron co Consello Consultivo, e oxalá tiveran ese informe antes do día de hoxe, pero non o tiveron, porque o primeiro intento de falar con eles e buscar unha solución por parte de Intervención, non tivo resposta, dixéronlles que non eran as persoas indicadas para pedir ese informe, que tiña que ser a través do Sr. alcalde.

Continúa dicindo que tamén falaban do informe da secretaria municipal, a nota informativa que emite a Sra. secretaria, e na que nun parágrafo di que entende a que subscribe que debe pronunciarse a Intervención municipal sobre a posibilidade e conveniencia de revisión de oficio dos actos aos que se refire no informe de reparos; dilles que eles leron o informe de Intervención, que é quen fiscaliza todas esas facturas, e en ningún momento alude aí a esa revisión, porque iso o explicou o Sr. interventor en comisións informativas, e o explicou perfectamente, que non hai ausencia de procedemento e que a sentenza fala de total ausencia de procedemento; que aquí falan de procedementos inadecuados, pode ser, pero total ausencia de procedemento, non.

Di que no caso das facturas eléctricas, nas que non hai un contrato menor, que si existe noutras facturas que veñen hoxe a pleno, o que si se esixe son os prezos que marca o mercado, e aí, en serio que lles di que tivo unha serie de clases maxistrais ultimamente con iso da declaración de nulidade e todo iso que ela non sabía nin de que ía, e dicíanlle que o obxectivo último deste novo procedemento é precisamente para garantir que as facturas que se van pagar están en prezos de mercado e non son facturas desorbitadas.

Continúa dicindo que nese caso, e todos teñen tamén dende hai tempo os informes dos técnicos cando non

avalían iso si que din que se axustan a prezos de mercado; que eles non fixeron ese novo procedemento, pero no momento en que o departamento de Intervención considere que deben ir por aí, irán por aí; que están á espera dese informe porque, e xa llelo explicou mellor o Sr. interventor que ela, entenden dende Intervención que se está a facer o procedemento que se ten que facer; e que por certo, fan en todos os concellos, porque dende Intervención tamén se falou con Intervención de moitos concellos da provincia da Coruña e seguen o mesmo procedemento de recoñecemento extraxudicial que se vén facendo.

Di que é máis, os que se estrañan tanto de que veñan con reparos suspensivos a pleno e de que falemos de que temos que pagar facturas para evitar o enriquecemento inxusto da administración, cando gobernaban, no 2013, tamén trouxeron a pleno unhas facturas de publicidade nos xornais, de limpeza extraordinaria para o Brincadeira, ou de patrocinio dunha volta ciclista, insercións publicitarias, nas que un informe di que é para non prexudicar os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, por aplicación da teoría do enriquecemento inxusto; e aí tamén se fala, e iso non vai dicir que o diga ela, de contratacións verbais e todos, sobre todo a Sra. Vázquez Golpe, concelleira que ocupou o seu mesmo sitio, saben perfectamente que non son contratacións verbais, poden ser contratos menores nos que se fai invitación a unha soa empresa, pero non contratacións verbais; e di que, ademais, e iso tamén o explicou en comisións informativas, neste concello, dende hai semanas non se invitan empresas nos contratos menores; di que os contratos menores, para gañar en publicidade e libre concorrência, publícanse na plataforma, no perfil do contratante, para que todas as empresas poidan concorrer á licitación.

Di que ás veces fálanse cousas que todos saben que non queda outro remedio que facelas así; que ela segue dicindo que en canto chegue ese informe do Consello Consultivo non lle cabe dúbida de que Intervención actuará conforme o Consello mande, e o Goberno, por suposto, seguirá as directrices de Intervención, porque se a oposición fala do que di a nota informativa da secretaria municipal, e antes non sabe quen dicía que non compartía o criterio de Intervención, ela dilles que este Goberno vai seguir adiante facendo caso de Intervención.

Concedido o uso da palabra ao Sr. Abalo Castex manifesta que a propia concelleira lles demostrou coas súas propias palabras cal é a orixe do problema, porque dixo que non sabía e que lle tiveron que dar unhas masterclass de que ía iso da declaración de nulidade de oficio. Dille que ese é o problema, ese é o problema, que a propia concelleira de Economía non sabe que hai que facer un procedemento; dille que aquí está, entre outros, o Grupo Municipal Popular, para dicirlle o que hai que facer, e non é que llo diga o Grupo Municipal Popular, é que llo di a normativa, e que llo di a sentenza e é que llo di o Tribunal Supremo; que a pesar diso, seguen dicindo, porque son as súas propias palabras, que non hai máis remedio que facer as cousas así. Dille que iso é inaudito, ou sexa, que se están cometendo ilegalidades e ela dilles que non hai máis remedio que facer as cousas así.

Continúa a súa intervención e dille á Sra. Pan Lesta que falta á verdade, porque o informe da Intervención municipal di na páxina 27 que se emite con carácter suspensivo posto que ten superado o exercicio orzamentario do ano 2022, no que a Intervención veu reparando facturas por idénticos conceptos e motivos de forma reiterada, e que á data non se ten coñecemento da tramitación efectiva dos oportunos expedientes de contratación. Pregúntalle á concelleira se iso quere dicir que existe procedemento. Ademais dille que no segundo lote de facturas dise que ao non terse tramitado a contratación das prestacións. Pregunta se lle quere dicir que aí tamén hai procedemento de contratación; o que di é ao non terse tramitado a contratación das prestacións, por iso o reparo é suspensivo.

Pregúntalle á concelleira por que a secretaria di no seu informe, na páxina 4, que no suposto examinado, o dos expedientes extraxudiciais, non consta a previsión da revisión de oficio para declarar a nulidade de pleno dereito nos casos de inexistencia de procedemento de contratación; polo tanto, dá por suposto que non existen procedemento de contratación en todos eses expedientes.

Di que negar a maior en contra de todos os informes, da Intervención municipal e da Secretaría municipal, parece de verdade algo absolutamente descarado; e que non só é iso, é que se lles advertiu tanto no mes de novembro como no mes de xaneiro, que existe xurisprudencia moi grave de cales son as consecuencias que trae a aprobación de procedementos de recoñecementos extraxudiciais de crédito sen a previa declaración de nulidade de oficio; e téñenlles traído as sentenzas, tanto a do Tribunal Supremo como a do Tribunal Superior de Xustiza; e téñenlles preguntado en comisións informativas, en pleno, en xuntas de voceiros, se estaban cumprindo coa normativa, e dende o Goberno díxéronlles que si, pero o informe do interventor e a nota informativa da secretaria din que non se está facendo ese procedemento, é máis, é que o saben todos os concelleiros, porque ten que vir previamente a pleno a aprobación da remisión ao Consello Consultivo.

Conclúe dicindo que, con isto, as consecuencias da aprobación non fai falta que llelas diga porque xa llelas dixo no mes de xaneiro, hai incluso unha remisión á Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por presuntos delitos de prevaricación administrativa, co cal as consecuencias da aprobación destes expedientes el cre que as saben todos os concelleiros da Corporación; di que o voto do PP, evidentemente, vai ser contrario.

Concedido o uso da palabra á Sra. Vázquez Golpe manifesta que a ela sorpréndelle que a concelleira de Economía e Facenda di que respectan e seguen os informes que fan o interventor municipal, cando o informe do interventor municipal é impecable, e o informe da secretaria municipal é impecable, e no Goberno non lles fan ni caso, dende o primeiro punto ata o oitavo; que non os seguen en ningún dos puntos pero a concelleira di que si, que actúan segundo o informe da Intervención municipal, cando fan todo o contrario. Dilles que son uns “engañabobos”, uns... ía dicir outra palabra, “trileros”, pero ben, xa a dixo.

Pregúntalles como é que din que seguen o informe de Intervención coas cousas que lles está dicindo o informe de Intervención, que ela non lles vai repetir, porque non lle dá tempo e porque xa as dixeron os seus compañeiros, pero non seguen nin unha, nin a primeira; que a ela parécelle que as facturas que se traen, tráense aglutinadas e mesturadas, porque por riba non lles dan a oportunidade de votar aquelas que seguramente non teñen a intención de prescindir do procedemento, e nin sequera de prexudicar acredores nin de saltarse a lei de contratos, senón que son por razóns de urxencia, e están obrigando á oposición a votar en contra desas facturas porque llelas traen con facturas que teñen reparos de todo suspensivos; que en canto ao que fan outros concellos, como poden comprender escusa tan pobre como é que o faga o outro, que o outro tamén o fai, iso é o de sempre, escusarse no que fai mal o outro, nunca no que fai ben, senón no que fai mal.

Continúa a súa intervención dicindo que despois a concelleira díxolles que no 2013 xa se trouxera algunha factura co mesmo procedemento, e dille que como non, que como vai negar que efectivamente de toda a vida, non só co Goberno do PP, senón con gobernos anteriores, iso ten pasado; pero pídelles que se fixe, que lle está falando do 2013 e están no 2023, e en 10 anos toda esa normativa cambiou moitísimo, porque non hai máis que lerse a lexislación, como ten ido evolucionando neste sentido, para que cheguen a 10 anos despois e lle veña dicindo que é que no ano 2013 contratouse isto ou aquilo cun contrato verbal.

O Sr. alcalde solicítalle á Sra. concelleira que vaia rematando a súa intervención.

A Sra. Vázquez Golpe di que si, que xa remata, e manifesta que o descaro co que o Goberno actúa nas súas intervencións tratando de enganar ao público e tratando de terxiversar os informes que lles fan os técnicos municipais ....

O Sr. alcalde intervén e dálle as grazas, pero dille que xa pasaron os tres minutos de intervención, tres minutos e nove segundos.

Concedido o uso da palabra á Sra. Pan Lesta manifesta que será breve, e dilles que tamén é certo que eles que

son máis entendidos que ela, son moitos os xuristas, non entenderon nada do que lles explicou o interventor municipal nas comisións informativas, nada, e mira que lles explicou, incluso con exemplos, porque el foi o primeiro que declarou a nulidade nun caso aquí en Cambre, e non lle entenderon nada, ou non o escoitaron, ou non quixeron escoitalo, que tamén pode ser; di sobre o tema dos informes dos habilitados nacionais, que na nota informativa da Sra. secretaria, que a volve ler, porque xa a leu antes, di que quen ten que pronunciarse sobre a conveniencia ou non da revisión de oficio é a Intervención municipal, e no informe do interventor municipal non hai ningunha referencia a iso; que o procedemento é o que é, e o Sr. interventor lles explicou perfectamente, en comisións informativas, a situación na que estaban estas facturas nas que din que falta procedemento; que cre que el lles explicou que nestas non faltaba procedemento, que non é o axeitado, iso si, pero que non faltaba, que non hai ausencia total de procedemento, que é o que di esa sentenza á que tanto aluden.

Conclúe dicíndolles que van agardar ao informe do Consello Consultivo e actuarán en consecuencia.

O Sr. alcalde pregúntalle ao voceiro do PP se se dirixiron ao Consello Consultivo por escrito.

O Sr. Abalo Castex contesta dicindo que non.

O Sr. alcalde manifesta que esa era a pregunta, e que evidentemente o PP leva oito anos falando de ilegalidades, pero ata o de agora, que el saiba, aos concelleiros do goberno non se lles condenou en ningún caso, en ningún, e a eles si, aos que falan de ilegalidade, precisamente.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. Abalo Castex de deixar o asunto enriba da mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo e Vázquez Golpe.

Votos en contra: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Abstencións: Dúas (2), dos Sres.: Carballada Rodríguez e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase rexeitada a proposta do Sr. Abalo Castex de deixar o asunto enriba da mesa.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de marzo de 2023, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), dos/as Sres./as: García Patiño, González Leirós, Boga Moscoso, Pan Matos, Mallo Castro, Varela Germade, Pan Lesta, Sanguñedo Álvarez, Gutiérrez Nieto, Parceros Quiñoy e Alcantarilla Rei.

Votos en contra: Nove (9), dos/as Sres./as: Abalo Castex, González Roel, Carballada Rodríguez, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Sánchez Vieites, Santos López, García Hidalgo e Vázquez Golpe.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 20 de marzo de 2023 (CVD: 5+yv+FNc5zX5PDQgTTXk), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

### 2.3. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DO ALUMNADO TRABALLADOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO DUAL “PROXEDIS CAMBRE” (PROFESIONAIS EN XERIATRÍA E DISCAPACIDADE)

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico de data 16 de febreiro de 2023 (CVD: nIcNbfVPgTmQ+p2cWwX), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, na sesión ordinaria de data 23 de marzo de 2023, que transcrita di:

#### «PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE DESENVOLVEMENTO SOCIOECONÓMICO

Visto que os obradoiros de emprego se conciben como programas de carácter temporal, mixtos de formación e emprego, enmarcados nas políticas activas de emprego, dirixidos a mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de 18 anos ou máis anos, a través da súa cualificación profesional en alternancia coa adquisición de experiencia laboral, mediante a realización de obras ou a prestación de servizos de utilidade pública ou interese social, co obxectivo final de favorecer a inserción laboral das persoas participantes.

Tendo en conta a positiva experiencia obtida na posta en marcha dos proxectos: Proxedis, Proxedis II e Proxedis-Proweb I, II e III (*PROfesionais en XERiatría e DIScapacidade - PROfesionais WEB*), os resultados acadados nos obradoiros de emprego da especialidade formativa “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións” cunha porcentaxe media de inserción laboral no sector dun 81% do alumnado traballador entre os anos 2012 ao 2021, así como a alta demanda laboral da ocupación de coidador/a de persoas o xerocultor/a, empuxáronnos un ano máis a seguir por este camiño elaborando un novo proxecto denominado “PROXEDIS Cambre” (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade) 2022/2023, que permite a contratación en alternancia coa formación dun total de 20 persoas desempregadas de Cambre especialmente desfavorecidas, de 18 e máis anos, e 5 persoas para a súa execución, para a realización de servizos de interese social na área da atención sociosanitaria a persoas en institucións colaboradoras co proxecto.

Vistas as resolucións núm. 482/2022 de 23 de marzo e núm.618/2022 de 8 de abril do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico pola que se aproba o proxecto para a execución do obradoiro dual de emprego “PROXEDIS Cambre” (*PROfesionais en XERiatría e DIScapacidade-PROfesionais WEB*) 2022/2023, e a solicitude da subvención para a execución do obradoiro mencionado, ao abeiro da orde da Consellería de Emprego e Igualdade de 21 de febreiro de 2022 o día 01/04/2022 nº entrada na sede electrónica da Xunta 2022/896615.

Vista a resolución do 29 de xullo de 2022 da xefa territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, na que se concede unha subvención ao Concello de Cambre para a realización do proxecto de obradoiro dual de emprego “PROXEDIS Cambre” (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade) , polo importe de 503.987,00,00 € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscribisen co alumnado para a realización do proxecto (20 alumnos/as traballadores/as) e **30.000,00 € para incentivos á de 20 contratacións laborais temporais do colectivo participante á finalización do obradoiro** (1.500,00 € por cada traballador/a, co obxecto de promover a inserción laboral das persoas participantes no obradoiro dual de emprego), faise precisa a realización dunha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no obradoiro, ao establecelo así expresamente o artigo 15.2 da orde da Consellería de Emprego e Igualdade “...No caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego...”.

As principais características destes incentivos a contratación son:

- A xestión das axudas realizarase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

- O procedemento de tramitación das axudas axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- As axudas teñen como obxecto a contratación do alumnado/traballador da especialidade “**atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais**”, por parte de empregadores, empresas ou entidades que sexan titulares ou adxudicatarios da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou a discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente.
- Teñen como finalidade incentivar a contratación laboral temporal das persoas participantes no obradoiro, cunha duración mínima de 3 meses de alta en Seguridade Social a xornada completa.
- Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a contratado/a.
- O número máximo de contratacións a incentivar será de 20 alumnos traballadores.
- O número máximo de contratos temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria será de cinco por entidade participante.
- As solicitudes de axudas deberán presentarse no prazo comprendido entre a data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e o día 24 de xullo de 2023 e as contratacións realizaranse, con carácter xeral, entre os días 30 de setembro e o 14 outubro de 2023. Agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego teña que retrasarse ou por outros feitos motivados se necesite ampliar o prazo. Nese caso os contratos se formalizarán nos quince días seguintes a partir da data de finalización do obradoiro de emprego.
- Todos os trámites administrativos a realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nas bases deberán ser realizados electrónicamente.
- As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases da convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.
- O orzamento global máximo para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros, sendo o seu 100% aboado ao Concello pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha vez formalizados a resolución de concesión da axuda á entidade e os contratos temporais acreditativos das contratacións realizadas.

Tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, **proponho ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:**

**Primeiro:** aprobar as bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “PROXEDIS Cambre” (*PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade*) 2022/2023 do Concello de Cambre, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude (anexos).

**Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS Cambre” (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023 do Concello de Cambre.**

#### **Base 1ª. Disposición xeral**

- 1.1. A convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual “PROXEDIS Cambre” (*PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade*) 2022/2023 do Concello de Cambre, ten por obxecto incentivar a contratación e promover a inserción laboral das persoas participantes no mesmo, de acordo co disposto nos artigos 15 e 35 da Orde do 21 de febreiro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2022.
- 1.2. A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:
  - a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
  - b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
  - c) Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.
- 1.3. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 30.000,00 euros con cargo, 15.000,00 euros á aplicación orzamentaria “241.48000 Subvencións correntes a institucións sen fin de lucro para fomento do emprego” e 15.000,00

euros á aplicación orzamentaria “241.47000 Subvencións correntes a empresas para fomento do emprego”, en función da natureza xurídica da entidade beneficiaria da axuda.

En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicacións orzamentarias.

### **Base 2ª. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea**

- 2.1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas desempregadas participantes ou que tivesen participado no obradoiro dual de emprego “*PROXEDIS Cambre*” (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023 do Concello de Cambre, financiado a través da convocatoria 2022 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.
- 2.2. As contratacións temporais que se beneficien desta convocatoria terán que cumprir cunha duración mínima de alta en Seguridade Social de 3 meses; deberán reunir os requisitos establecidos nas presentes bases e terán **que formalizarse, con carácter xeral, entre os días 30 de setembro e o 14 outubro de 2023**, agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego teña que retrasarse ou si por outros feitos motivados se necesite ampliar o prazo. Nese caso os contratos se formalizarán nos quince días seguintes a partir da data de finalización do obradoiro de emprego.
- 2.3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.
- 2.4. As entidades beneficiarias seleccionarán ao alumnado traballador obxecto de contratación e presentarán un listado cos/as persoas candidatas á contratación por orde de prioridade, que deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Cambre.

### **Base 3ª. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación**

- 3.1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación:
  - a) As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadores/as autónomos/as), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que vai aplicarse para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas. Asemade, poderán ser beneficiarias destes incentivos as entidades sen ánimo de lucro (asociacións, fundacións), as congregacións e entidades relixiosas e restantes organizacións nas que concorran os requisitos establecidos nestas bases.
  - b) Que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego relacionados con ocupacións ou postos de traballo vinculados a:
    - Atención sociosanitaria a persoas dependentes (coidadoras/es, xerocultoras/es, auxiliares de axuda ao domicilio ou similares), na categoría profesional correspondente.
  - c) Para a contratación do alumnado/traballador da especialidade “**atención sociosanitaria a persoas dependente en institucións sociais**”, as entidades beneficiarias deberán ser titulares, adxudicatarias da xestión ou similar, de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou no ámbito da discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente.



- 3.2. No poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administración públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.
- 3.3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
  - b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declarados en concurso salvo que neste adquirise eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
  - c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
  - d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
  - e) Non estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pago algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos regulamentariamente establecidos.
  - f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
  - g) Non estar ao corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
  - h) Ser sancionada mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
  - i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando conorra algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
  - j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, en tanto non recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
- 3.4. No poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións no orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto.
- 3.5. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que non estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, que serán comprobadas de oficio.
- 3.6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3.3 e 3.4 anteriores para obter a condición de beneficiaria se realizará mediante declaración responsable, segundo modelo do **anexo II**.
- 3.7. A xustificación da titularidade, da adxudicación da xestión ou similar de centros de iniciativa social ou de iniciativa privada (residencias, centros de día, servizos de axuda no fogar, etc.) que presten servizos de atención sociosanitaria nos ámbitos da xeriatría (maiores) e/ou da discapacidade a persoas en réxime de permanencia parcial, temporal ou permanente, poderase realizar mediante consulta dos datos incluídos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

#### Base 4ª. Contía dos incentivos, incompatibilidades e concorrencia

- 4.1. As contratacións temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500,00 € por cada traballador/a, correspondente a un contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.
- 4.2. O **número máximo de contratos** temporais a incentivar con cargo á presente convocatoria **será de cinco** por entidade participante.
- 4.3. Os beneficios establecidos á contratación nesta convocatoria serán incompatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
- 4.4. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade de Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Neste sentido, non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custe salarial das mensualidades obxecto de subvención.

#### Base 5ª. Exclusiones

Exclúense dos beneficios regulados nesta convocatoria:

- 5.1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
- 5.2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.
- 5.3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores ás data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás que a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

#### Base 6ª. Solicitudes, documentación e prazos

- 6.1. O prazo de presentación de solicitudes iniciarase a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no boletín oficial da provincia de A Coruña, **e rematará o día 24 de xullo de 2023**.
- 6.2. As solicitudes de axudas dirixiranse ao/á Alcalde do Concello de Cambre e presentaranse na súa sede electrónica (<https://sede.cambre.es/opencms/gli>).
- 6.3. **Todos os trámites administrativos** que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, **deberán ser realizados electrónicamente**.

6.4. As solicitudes deberán presentarse pola persoa interesada, ou por quen ostente a súa representación, no modelo normalizado "Solicitud" que figura como **anexo I** a estas bases reguladoras, e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade.
- b) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
- c) Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro, da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.
- d) Declaración responsable e autorizacións segundo o modelo do **anexo II**.
  - Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  - Declaración responsable de non ter sido excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
  - Declaración responsable de posuír a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
  - Autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre (no caso de non conceder esta autorización, deberán aportar certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co Concello de Cambre).
- e) Certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT.
- f) Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións segundo o modelo do **anexo III**.
- g) Certificado de conta bancaria ou documento acreditativo.

Os interesados poderán presentar xunto á solicitud o **Anexo IV** de aceptación da subvención.

Non será necesario acompañar a documentación recollida nos apartados a), b), c), e) e g) nos casos en que esta figure xa en poder do Concello de Cambre e non rexistrase cambios por ter participado no programa de incentivos á contratación en proxectos de programacións anteriores "PROXEDIS II", "PROXEDIS-PROWEB", "PROXEDIS-PROWEB II" ou "PROXEDIS-PROWEB III"

#### Base 7ª: Autorizacións

- 7.1. A solicitud desta axuda comportará a autorización pola persoa interesada ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 7.2. Mediante a presentación da solicitud de subvención a persoa interesada dá autorización expresa ao Concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida. De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a solicitud. Os devanditos datos serán tratados de xeito

confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

### Base 8ª. Competencia, resolución e recursos

O órgano competente para resolver sobre a concesión ou denegación destas axudas será o alcalde, ou concelleiro/a en quen delegue, a proposta do/a concelleiro/a responsable, unha vez recibidas as propostas definitivas dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, previa comprobación da documentación xustificativa presentada que acompaña á solicitude e do cumprimento polas entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nas bases, e logo da súa fiscalización pola Intervención Municipal.

- 8.1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
- 8.2. O prazo para resolver e notificar a resolución será de 1 mes, que se computará dende a data de finalización do prazo de presentación da solicitude na sede electrónica do Concello de Cambre para a súa tramitación. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, se entenderá desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
- 8.3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas disporán dun prazo de dez días para a súa acetación de conformidade, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación **Anexo IV**. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada. Dito anexo poderá presentarse xunto coa solicitude.
- 8.4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Base 9ª. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

- 9.1. O procedemento de tramitación das axudas recollidas nesta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación da concorrencia nas entidades e empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.
- 9.2. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.
- 9.3. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o **Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal**, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se

o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- 9.4. As axudas previstas nestas bases están amparadas no réxime de axuda de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, de 24 de decembro de 2013).

#### Base 10ª. Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

#### Base 11ª. Xustificación e pagamento

- 11.1. Concedidas e notificadas as axudas, estas faranse efectivas nun pagamento único, rematado o período de contratación estipulado, unha vez se xustifique a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, condicionado á acreditación nun prazo máximo de **1 mes dende o remate da contratación subvencionada** por parte da entidade ou empresa beneficiaria. O pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o mesmo no prazo anteriormente indicado, mediante a remisión da seguinte documentación:

- a) Xustificación, declaración de cumprimento das bases da convocatoria e solicitude de pagamento segundo o modelo do **anexo V**.
- b) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o **modelo do anexo III**.
- c) **Copia dos contratos de traballo** das persoas desempregadas obxecto de subvención, que tiveran participado no proxecto de Obradoiro de Emprego "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023, no período comprendido, con carácter xeral, entre os días **30 de setembro e o 14 de outubro de 2023**. Agás que por causas de forza maior a finalización do obradoiro de emprego se retrasarse ou por feitos motivados se virá modificado o prazo. Nese caso os contratos deberán estar formalizados, con carácter xeral, nos quince días seguintes a partir da data de finalización do obradoiro de emprego.
- d) **Informe de vida laboral do código da conta de cotización** específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación, comprensiva do período de duración da contratación.

- 11.2. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

- 11.3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Cambre ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

- 11.4. Logo da resolución de concesión, o alcalde, a proposta do concelleiro/a delegado/a competente, aprobará o recoñecemento de obrigas correspondentes ás subvencións concedidas, e ordenará o pagamento da axuda. O abono levarase a cabo nun único pago, e mediante transferencia bancaria á conta de titularidade da entidade ou empresa beneficiaria sinalada.

#### Base 12ª. Obrigas das entidades beneficiarias

- 12.1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023.
- 12.2. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante o tempo mínimo establecido nestas bases, mantendo no seu cadro de persoal á persoa contratada polo período obxecto de subvención (3 meses de alta en Seguridade Social) a xornada completa.
- No caso de extinción do contrato de traballo temporal polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ao Concello de Cambre, **no prazo de sete días naturais** dende que se produza, para promover o seu relevo en iguais condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non foran contratadas previamente.
    - o Nestes casos, a cobertura do posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ao cesamento, e por un período de tempo equivalente ao que restase ou reste para o remate do período estipulado inicialmente.
    - o En caso contrario, a entidade beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ao seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ter participado no proxecto de Obradoiro de Emprego PROXEDIS Cambre (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023.
    - o No caso de que o Concello de Cambre non subministrara ningunha persoa candidata para ocupar o posto de traballo vacante, o importe a percibir de subvención será proporcional ao tempo efectivo da contratación.
  - De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria disporá dun prazo de sete días naturais, que contarán dende o remate do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle ao Concello de Cambre esta nova contratación, acreditando:
    - o O contrato de traballo da persoa contratada inicialmente inscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
    - o Baixa da persoa contratada inicialmente.
    - o Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
    - o Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado ao Servizo Público de Emprego.
- 12.3. Xustificar ante o Concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade, aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Cambre. Particularmente, no caso de ser así establecido na resolución de concesión, aportar copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, no prazo estipulado na antedita resolución de concesión.
- 12.4. Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo concepto que se subvencionan con este programa.
- 12.5. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.
- 12.6. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- 12.7. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida, axustarse ao disposto nas bases segunda e terceira desta convocatoria, e realizarse na categoría profesional correspondente en virtude da normativa laboral aplicable.
- 12.8. Adoptar as medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas polo Concello de Cambre de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de

novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para facilitar o cumprimento desta obriga o Concello de Cambre facilitará o modelo de cartel a colocar no lugar de traballo.

### Base 13ª. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

- 13.1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 13.2. As obrigas de reintegro establecidas nesta orde entenderansen sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, de 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
- 13.3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a entidade non proceda a substituíla.

### Base 14ª. Devolución voluntaria da subvención

- 14.1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Cambre, en concepto de devolución voluntaria da subvención.
- 14.2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

### Base 15ª: Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na base décimo segunda, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

### Base 16ª: Incorporación ao Rexistro publico de subvencións e publicación da subvención concedida

En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación da persoa beneficiaria, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

## SOLICITUDE (ANEXO I) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN "PROXEDIS Cambre"

ENTIDADE SOLICITANTE			
Razón social		C.I.F.	
Apelidos e nome		D.N./N.I.E	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Teléfono	Correo electrónico		
Actividade principal (descripción)		CNAE	
Outras actividades		CNAEs	

<input type="checkbox"/> Empresa individual	<input type="checkbox"/> Sociedade civil / comunidade de bens	<input type="checkbox"/> Outras sociedades (S.L., S.A.)	<input type="checkbox"/> Cooperativa / sociedade laboral
<input type="checkbox"/> Asociación	<input type="checkbox"/> Fundación	<input type="checkbox"/> Congregacións e institucións relixiosas	<input type="checkbox"/> Outras

#### DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome	D.N./N.I.E.
-----------------	-------------

#### ENDEREZO ELÉCTÓNICO HABILITADO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

Enderezo electrónico habilitado a efectos de notificacións
--

#### DATOS DO CENTRO NO QUE SE REALIZARÁN A/AS CONTRATACIÓNS/S

Enderezo do cento 1			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono	Correo electrónico		
Enderezo do cento 2			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono	Correo electrónico		

#### DATOS DAS CONTRATACIÓNS A REALIZAR

Número

Nº de contratacións temporais que se compromete a realizar (especificar en número). (máximo 5 contratos por entidade)	
---	--

**Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos ao compromisos de contratacións temporal a realizar e duración mínima das contratacións (3 meses)**

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/> Copia do DNI, NIE ou NIF da entidade	<input type="checkbox"/> Obra no expediente Incentivos á contratación
<input type="checkbox"/> Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da entidade para actuar no seu nome e representación	<input type="checkbox"/> Obra no expediente Incentivos á contratación
<input type="checkbox"/> Fotocopia da escritura de constitución, acta fundacional ou documento equivalente, no caso de persoas xurídicas e das entidades sen ánimo de lucro ou da acreditación da inscrición no rexistro de entidades relixiosas, no caso das congregacións e entidades relixiosas ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica	<input type="checkbox"/> Obra no expediente Incentivos á contratación
<input type="checkbox"/> Declaración responsable e autorizacións (anexo II)	
<input type="checkbox"/> Declaración responsable comprensiva das axudas solicitadas, aprobadas, concedidas ou pendentes de resolución (anexo III)	
<input type="checkbox"/> Certificado de conta bancaria	<input type="checkbox"/> Obra no expediente Incentivos á contratación
<input type="checkbox"/> Outra documentación (especificar)	

**Sr alcalde do Concello de Cambre**

Quen subscribe, e despois de coñecer e aceptar as Bases da Convocatoria de axudas a través de Incentivos á Contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS Cambre" (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade) 2022/2023 do Concello de Cambre, **SOLICITA** a concesión da/s corespondente/s axuda/as para á contratación, de acordo co especificado nas bases desta Convocatoria, e declara que son certos todos os datos do presente documento.

Cambre, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo, :

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.



## DECLARACIÓN RESPONSABLE (ANEXO II) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN "PROXEDIS Cambre"

### ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona  con D.N./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social  con C.I.F.

### DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Que non esta incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base terceira desta convocatoria
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, sobre infraccións e sancións na orde social.
- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda.
- Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base terceira da convocatoria.
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego "PROXEDIS Cambre" (Profesionais en Xeriatría e Discapacidade) 2022/2023.

<p>Cambre, ___ de _____ de 202__</p> <p>Asdo.:</p>	<p><b>ADVÉRTESELLE DE QUE</b> consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."</p>
<p>De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.</p>	

## DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPRESIVA DOUTRAS AXUDAS (ANEXO III) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN "PROXEDIS Cambre"

### ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona  con D.N./N.I.E.

En nome e representación de

Razón social  con C.I.F.

### DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora
Solicitada	Concedida					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

Ou, alternativamente

- Que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións para o mesmo concepto do proxecto ou actividade que as subvencións desta convocatoria de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.

Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (Regulamento CE nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis), neste ano e nos dous anteriores, as axudas seguintes:

Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda	Disposición reguladora

--	--	--	--	--

Ou, alternativamente

- Que non ten concedidas en réxime de mínimos axudas neste ano nin nos dous anteriores.

Así mesmo, a persoa solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Cambre, ____ de _____ de 202__  Asdo.:	<b>ADVIRTESELLE DE QUE</b> consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."
De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.	

## ACEPTACIÓN DA AXUDA (ANEXO IV) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN "PROXEDIS Cambre"

### ENTIDADE SOLICITANTE

Don / dona	<input type="text"/>	con D.N./N.I.E.	<input type="text"/>
En nome e representación de			
Razón social	<input type="text"/>	con C.I.F.	<input type="text"/>

### DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que segundo o establecido na base 8ª.3 da convocatoria das axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XERiatría e DIScapacidade) 2022/2023 do Concello de Cambre no que se establece o seguinte,

"8.3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación de conformidade, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación **Anexo IV**. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada. Dito anexo poderá presentarse xunto coa solicitude"



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

**ACEPTA** a subvención concedida polo Concello de Cambre ao abeiro da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023 do Concello de Cambre.

Cambre, \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo,

**ADVIRTESELLE DE QUE** consonte co disposto no artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, "A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Asemade, a resolución da administración pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo elo conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación."

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

## XUSTIFICACIÓN, DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DAS BASES DA CONVOCATORIA E SOLICITUDE DE PAGAMENTO (ANEXO V) INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN "PROXEDIS Cambre"

### ENTIDADE SOLICITANTE

Razón social		C.I.F.	
Apelidos e		D.N./N.I.E	
Enderezo			
C.P.	Localidade	Provincia	
Teléfono	Correo		

### DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL

Apelidos e nome		D.N./N.I.E	
-----------------	--	------------	--

### DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que para a súa xustificación e previo ao pagamento da subvención acredita o cumprimento das bases de convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023 do Concello de Cambre, publicado no BOP: \_\_\_\_\_

Que aos efectos de xustificación da subvención aporta os seguintes documentos:

#### DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

<input type="checkbox"/>	Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do <b>anexo III</b> .
<input type="checkbox"/>	Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención, que acrediten a contratación segundo as bases de convocatoria
<input type="checkbox"/>	Informe de vida laboral do código da conta de cotización específica da empresa ou entidade na que se fixo a contratación comprensiva do período de duración da contratación.

- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases sexta e décimo segunda do programa, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co Concello de Cambre.
- A presentación da presente solicitude comporta a autorización ao Concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade dos incentivos á contratación do alumnado traballador do obradoiro de emprego "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023.

#### Sr alcalde do Concello de Cambre

Quen subscribe, **aporta a documentación requirida** acreditativa do cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión e **solicita o pagamento das axudas** correspondentes á contratación das persoas participantes, de acordo co especificado nas Bases da Convocatoria, declarando ser certos todos os datos do presente documento.

Cambre, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 202\_\_

Asdo.:

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender á súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do Concello de Cambre.

**Segundo:** aprobar o gasto correspondente por importe total de **trinta mil euros (30.000,00 euros)**, imputables ás aplicacións orzamentarias; 15.000,00 euros a "241.48000, subvencións correntes a institucións sen fin de lucro para fomento do emprego" e 15.000,00 euros a "241.47000, subvencións correntes a empresas para fomento do emprego", en función da natureza xurídica da entidade beneficiaria da axuda.

**Terceiro:** publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réximen local. No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobadas as Bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XEriatría e DIScapacidade) 2022/2023 do Concello de Cambre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e na páxina web municipal.

**Cuarto:** dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) da aprobación das bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dé traslado ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Quinto:** dar traslado aos servizos económicos para os efectos oportunos.»

Concedido o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei di que, tendo en conta o informe emitido pola responsable da Axencia de Desenvolvemento Local, propónse ao Pleno da Corporación os seguintes acordos: Primeiro, aprobar as bases para a convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “PROXEDIS Cambre”, do Concello de Cambre, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude; Segundo, aprobar o gasto correspondente por importe total de 30.000 euros, imputables ás aplicacións orzamentarias; Terceiro, publicar os presentes acordos no Boletín Oficial da Provincia e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación; Cuarto, dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións da aprobación das bases e da convocatoria, co fin de que se lle dea traslado ao Boletín Oficial da Provincia; e quinto, dar traslado aos servizos económicos para os efectos oportunos.

Continúa dicindo que os incentivos á contratación teñen por obxecto incentivar a contratación e promover a inserción laboral dos alumnos traballadores do obradoiro de emprego; a cantidade global son, como dixo antes, 30.000 euros; as contratacións temporais que se beneficien terán que cumprir unha duración mínima de alta de 3 meses na Seguridade Social; as contratacións temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1500 euros por cada traballador; e o número máximo de contratos temporais será de cinco por entidade.

Concedido o uso da palabra ao Sr. Abalo Castex manifesta que, como non, o feito de que veñan fondos non propios, fondos doutras administracións públicas a este concello evidentemente van ser votados a prol polo Grupo Municipal Popular, iso si, o que lles gustaría saber é se esta competencia é unha competencia propia do concello ou é unha competencia delegada. Di isto ao fío, por exemplo, da competencia para asumir, como non asumiu, como renunciou a asumir o Concello de Cambre respecto do tema da atención temperá; que o voto do Grupo Municipal Popular neste asunto vai ser favorable.

Concedido o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío manifesta que, como en anteriores ocasións, apoian este tipo de propostas, e querían preguntar se hai previsión ou se vai incentivar ou motivar a que dende o Concello de Cambre se promovan máis cursos a parte deste.

Concedido o uso da palabra á Sra. García Hidalgo manifesta que dende C's o seu voto vai ser favorable.

Concedido o uso da palabra á Sra. Vázquez Golpe di que simplemente para facer unha puntualización, que cre que lle esqueceu facer ao concelleiro de Desenvolvemento Económico, di que esta subvención dáse para incentivar á contratación de 20 persoas que participan nun obradoiro de emprego no que a Xunta inviste en Cambre medio millón de euros; medio millón de euros aos que hai que sumar estes 30.000, que se suman para que eses traballadores e alumnos que están facendo esa formación dual poidan integrarse no mercado laboral.

Di que a ela tamén lle interesa a cuestión que formulou o concelleiro de AV, porque se ben ela é partidaria de continuar co que funciona, co obradoiro de emprego en atención socio-sanitaria, pese que ás veces é cuestionado, a realidade é que ten o 80% de inserción laboral e hai que continuar con iso, pero aproveita esta intervención, e aproveita que están falando de emprego e están falando de formación tamén, para esixir á Concellería de Desenvolvemento Socioeconómico que poña en marcha outro tipo de formación de carácter municipal, con fondos propios, para o que ten, ademais, dotación orzamentaria, e nos que non coñecen resultado ningún en catro anos, máis que algún curso de formación informática dos que lles falou o concelleiro, pero non un programa formativo e completo, a modo de plan de formación municipal, que inclúa un catálogo de cursos activos e con prácticas doutro tipo de formacións, por exemplo no que agora mesmo se estea demandando, ela non o sabe, non sabe se se están demandando fontaneros, soldadores, electricistas, o que se estea demandando agora mesmo no mercado, xa di que ela o descoñece, probablemente se equivoque nesas tres e se estean demandando outro tipo de profesionais, pero ela cre que é un elemento básico que o Concello de Cambre debe abordar, e que se ten esquecido de abordar nestes oito anos; di que aproveitando esta intervención, e que pode volver a reiteralo, pois o reitera, e di que oxalá o concelleiro anuncie pronto que vai

crear, para este ano xa, un plan de formación completo e ben dotado economicamente, como Cambre se merece.

Concedido o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei manifesta que saben que ao PP lle gusta moito que digan que os obradoiros de emprego van subvencionados pola Xunta, si, pero el non se cansará de dicir que se en Cambre seguen dando os obradoiros de emprego é pola boa xestión que están facendo os técnicos, se non a Xunta non lles tería dado durante 12 anos os obradoiros de emprego; que entón, si que vai subvencionado pola Xunta, pero van tamén a dicir que os técnicos teñen moita importancia en que eses obradoiros de emprego veñan para Cambre.

Dille a Alternativa dos Veciños que si se estivo estudando facer outros obradoiros de emprego, de feito fíxose o Proxedis-Proweb; que o que pasa con ese tipo de obradoiros é que hai que ter moito coidado, porque a primeira función que teñen eses obradoiros é a inserción laboral; que co Proxedis-Proweb, en tres anos que se fixo, apenas houbo inserción laboral, por iso, por este ano decidiron deixar o Proxedis-Proweb e seguir soamente co socio-sanitario, que é o que realmente ten inserción laboral.

Continúa dicindo que si se está traballando e estudando facer outros obradoiros pero non é, como dicía a concelleira Marta Vázquez Golpe, soamente mirar que é o que require o mercado das empresas, a demanda laboral, senón tamén as instalacións que teñen; que para facer un obradoiro de emprego teñen que ter unhas características de edificios onde impartir o curso, e iso moitas veces é moi complicado; que se está traballando niso; que de feito ían facer o obradoiro de emprego de garantía xuvenil, pero non é tan fácil que a Xunta lles dea un obradoiro de emprego, porque non require soamente do exame ou da análise que poidan facer os técnicos ou o concelleiro, senón de dispor das instalacións acordadas para poder impartir ese obradoiro de emprego.

Continúa dicindo que, respecto do que dixo a Sra. Vázquez Golpe de que non fixeran ningún plan de formación municipal, que xa van facer catro anos nos que a concelleira di que non se fixo un plan de formación municipal e el sigue dicindo que si, entón hai que seguir lembrando que se fixo o Cambre dixital, tanto de emprego como de empresas. Di que está xa, está en Contratación, ou está a punto de mandarse, un plan de formación intenso con demandas laborais que é o que realmente agora se necesita.

Conclúe dicindo que ao dicir que non houbo un plan municipal de formación, falta á verdade; que si que houbo un plan de formación municipal.

Concedido o uso da palabra ao Sr. Abalo Castex manifesta que si é certo e hai que poñer en valor o traballo dos técnicos municipais, pero cre lembrar, e se non pódelle corrixir, que os obradoiros de emprego non viñeron a Cambre ata que o PP gobernou, e entre outros grazas a xestión realizada polo alcalde popular e pola concelleira que teñen aquí, Marta Vázquez Golpe, que foi a que traballou duro para traer os obradoiros de emprego, e seguro que ela non o vai dicir, pero dío el por ela; que cre que foi a primeira vez que os obradoiros de emprego viñeron a Cambre; que respecto do que lle dixo antes, dille ao Sr. Alcantarilla que non lle contestou á pregunta, que é se se trata dunha competencia propia ou delegada, porque el no artigo 25 e 26 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local non atopa estas competencias, co cal, evidentemente, son competencias que non son propias do concello, que está asumindo como propias, que é o que se debería ter feito coa atención temperá, e non enganar aos veciños e ter que devolver as cantidades que se tiñan recibido por parte da Xunta de Galicia e ademais renunciar a máis de 108.000 euros para o ano 2023 e 2024; que quedaron sen servizo de atención temperá, e pregunta se lle pode responder.

Concedido o uso da palabra á Sra. Vázquez Golpe manifesta que, ante todo, gustaríalle que o concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico se aclarese, porque por unha parte di que si que houbo un plan de formación municipal e á vez di que non pode facelo porque non ten as instalacións adecuadas; di que lle lembra ao señor concelleiro que teñen o edificio de formación municipal, que está no Espírito Santo, que é a envexa de toda a

comarca, despois do de Arteixo, que ten que recoñecer que está moito mellor dotado que o de Cambre, é a envexa da comarca; que teñen talleres de soldadura, talleres de enerxía solar térmica, talleres de informática; estiveron funcionando cinco cursos á vez, de fontanería, soldadura, enerxía solar, sociosanitario e informática, todos á vez.

Di que iso xa se fixo, que non é nada novo, e se teñen que adaptar algún taller do centro de formación para facer algún curso diferente, non será tal difícil adaptalo; que logo si, efectivamente, repróchase a si mesma que si que é verdade que a Xunta de Galicia inviste ese medio millón de euros anual nos obradoiros de Cambre, tamén ten que dicir que teñen o mellor equipo de funcionarios en ADL, en Promoción Económica, e que son dignos merecedores polo seu traballo e pola súa implicación neses obradoiros en que Cambre. Niso está totalmente de acordo co señor concelleiro.

Di que agradece tamén as palabras do compañeiro Juan Abalo, e ten que dicirlle que si houbera algún obradoiro antes, pero que tamén é certo que cando entrou a gobernar o PP levaban cre que sete anos sen convocarse e estaban practicamente extinguidos; que se reitera en pedirle ao Sr. Alcantarilla, con toda a boa fe, que faga un plan de formación, e que non lle negue aos veciños de Cambre un plan de formación como Deus manda, que vaia para a busca de emprego, porque ten orzamento, ten medios e ten as instalacións para facelo. E ten un equipo de funcionarios magnífico en ADL para desenvolver e concluír con éxito calquera tipo de plan que se propoñan.

Concedido o uso da palabra ao Sr. Alcantarilla Rei pregunta se en serio van empregar o obradoiro de emprego para falar de atención temperá, parécelle bastante escandaloso; di que están falando dos obradoiros de emprego, e non os creou o PP, xa levan moitos anos e consecutivamente, non estaban extinguidos, e agora mesmo tamén se están facendo cinco, seis, sete cursos actualmente no centro de formación; que precisamente hai que elixir moi ben os cursos de formación que se están facendo porque non hai espazo físico para facer os cursos que hai, con tantos cursos que hai, AFD, informática, os obradoiros, o plan de formación municipal.

Conclúe dicindo que levan discutindo durante catro anos de que non se está facendo un plan de formación municipal. Reitera que si que se está facendo e que de feito o que son as instalacións están a pleno rendemento; que poden seguir discutindo, catro, oito ou doce, a concelleira di que non e el diralle que si, e el non adoita faltar á verdade.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico de data 16 de febreiro de 2023, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta do concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico de data 16 de febreiro de 2023 (CVD: nlcNbfVPGfTmQ+p2cWwX), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.4. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

## **3. PARTE DECLARATIVA**

### **3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS**



Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

## 3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

### - MOCIÓN “MONTES DO GATO PAISAXE NATURAL”

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a moción de referencia subscrita polos voceiros dos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE, BNG, AV, concelleiras de EU-Son en Común e C's (integrantes do Grupo Mixto) e concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Marta María Vázquez Golpe, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade, na sesión ordinaria de data 23 de marzo de 2023.

A Sra. Sanguñedo Álvarez dá lectura á moción que transcrita di:

#### «MONTES DO GATO, PAISAXE NATURAL

Pilar Mónica Fernández-Aceytuno Sáenz de Santamaria, veciña do lugar de Carraceda, no Concello de Oza-Cesuras, con data 11/07/2022, presentou no Rexistro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (referencia de entrada 3605/RX1811847), a solicitude relativa a que se iniciase o procedemento para que os Montes do Gato, que abranguen unha superficie de máis de dez mil hectáreas, continua e non fragmentada, dos Concellos de Aranga, Oza-Cesuras e Coirós, que conforman o núcleo principal da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, fosen declarados **espazo natural protexido coa categoría de Parque Natural**, e solicitando, asemade, que diante dos proxectos presentados para industrializar ese territorio con polígonos para a instalación de macroeólicos, se aplicase o principio de precaución en tanto en canto o Comité Español do Programa MaB da Unesco non emitise un estudo sobre a viabilidade das instalación eólicas.

A solicitude estaba avaliada por máis de 37.000 sinaturas.

Posteriormente, con data 18 de outubro de 2022, Azucena Guerreiro Galdo, veciña do lugar de Valló, Concello de Aranga, presentou no Rexistro A, Oficina 02, da Xunta de Galicia, sito na praza Luís Seoane, da Coruña, 1.500 firmas máis, para que foran incorporadas a solicitude da citada Mónica Fernández Aceytuno.

A solicitude, que inicialmente foi levada a cabo de xeito particular, e agora, como logo se verá, apoiada por varias asociacións con socios na meirande parte dos concellos da Reserva, foi realizada coa finalidade exclusiva de facer patente a valía desta zona dende o punto de vista cultural, medioambiental e humano, pois, ante a ameaza que para os Montes do Gato (e, polo tanto, para a propia Reserva) supón a instalación de 6 polígonos industriais, para a instalación de macroeólicos de máis de 200 metros de altura, a súa aprobación serviría de protección para evitar que se converta en chan industrial. Como xustificación chega con ver que, ademais de albergar a maior Necrópoles do Neolítico de toda Galicia e unha das máis grandes de Europa (con máis de cen monumentos funerarios no mesmo espazo de protección, dúcias de petróglifos con insculturas de arte rupestre, muros de pedra seca -o único patrimonio inmaterial declarado pola Unesco en Galicia-, camiños e vías históricas, un Castelo do reino dos Suevos, o Castelo de Teodomiro....), contén múltiples espazos de humedais imprescindibles para garantir a vida futura, coma son as brañas (en concreto as Brañas do Deo que a día de hoxe aínda conservan varias hectáreas de turbeiras, alimentadas por numerosos canles de auga tributarios do río Deo, afluente do Mandeo, e que pola súa biodiversidade e dimensión sen solución de continuidade como espazo de alto valor ecolóxico podemos considerar o corazón insubstituíbel da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ). E que eses habitats de turbeiras ácidas de sfagnos (eses “raros ecosistemas”, pouco coñecidos, que ocupan tan só a superficie do 3% do planeta pero que acumulan o 30% do CO2, superando o CO2 de todas as masas forestais do planeta, e que, polo tanto, cada metro cadrado que se deixe desaparecer, acelerará máis aínda o desastre que se está a producir polo cambio climático) son merecedores da categoría de parque natural como así o confirmaron expertos da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de A Coruña no “*BIOBLIZ BRAÑAS DO DEO CARAZTERIZACIÓN DA BIODIVERSIDADE*” organizado o pasado 22 de xullo de 2022 pola Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas Terras do Mandeo, do que foi testemuña o propio xerente da reserva.

Asemade, e proseguindo coa campaña de defensa dos Montes do Gato, o día 11 de xaneiro de 2023, María Esperanza González Rodríguez, veciña do lugar de Torrelavandeira, Concello de Aranga, presentou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (número de entrada 2023/117288), dirixido a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, a solicitude, firmada polos representantes legais das asociacións "Aire Limpo nas Mariñas Mandeo" (de Aranga), "A-legal" e "SOS Monte do Gato-Seselle" (de Oza-Cesuras), e "9 Refachos" (de Curtis), para que, con base no que sinala o artigo 10, apartado h, da Lei 5/2016, de 4 de xuño, do patrimonio cultural de Galicia, se iniciase o procedemento para incoar a declaración dos Montes do Gato como **Paisaxe Cultural**.

As asociacións asinantes naceron no rural e, polo tanto, están constituídas por persoas, sinxelas e humildes, que viven e traballan nel; pero sobre todo, están constituídas, maioritariamente, por mulleres; esas mulleres que, a pesares das críticas, das mentiras e das presións, teñen a coraxe necesaria para poñerse ao fronte da defensa dos territorios que a cobiza do capital quere sacrificar, e que, quizais pola súa condición de nais, saben mellor que ninguén que a fusión entre a especie humana (especies vivas en xeral) e natureza, é vital para manter o ritmo natural da vida; e por iso saben tamén que a Nai Terra, a Pachamama, todos os días, todas as horas e en todas as xeografías, é violentada, golpeada, ferida, humillada, violada..., e que as únicas receitas que poden axudar a curala son, precisamente, as decisións políticas que deste xeito solicitamos.

Polo tanto, situados no momento histórico que nos tocou vivir, con este apoio o Concello de Cambre escolle tomar conciencia e utilizar o sentido común, que é o único sitio onde, fóra de calquera siglas, se debe aparcar definitivamente a ideoloxía.

Pois ben, con base no exposto o Concello de Cambre **MANIFESTA** o seu apoio ás iniciativas presentadas, e insta á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia a que realice os trámites para que a paraxe dos Montes do Gato sexa declarado espazo natural protexido coa categoría de Parque Natural e como Paisaxe Cultural, con todas as medidas de protección mediambientais que iso leva consigo.

Da presente declaración darase traslado ao Consorcio das Mariñas e á Xunta de Galicia.»

Concedido o uso da palabra ao Sr. Abalo Castex di que o feito de que o Grupo Municipal Popular non se adhira ao que é a declaración institucional, en primeiro lugar dicir que eles van votar a prol do texto, e ten sido única e exclusivamente pola forma da presentación. Di que consideran que eles non foron os que teñen instando, non foron os promotores desta moción, co cal traizoarían aos seus membros, sobre todo aos propoñentes, que realmente son os que entenden que son os auténticos autores dela, co cal, deixando esa salvedade ao lado, van votar a prol.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción de referencia subscrita polos voceiros dos grupos municipais de UxC, PSdeG-PSOE, BNG, AV, concelleiras de EU-Son en Común e C's (integrantes do Grupo Mixto) e concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Marta María Vázquez Golpe, que é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción "Montes do Gato Paisaxe Natural", anteriormente transcrita.

## 4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

### 4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 540/2023, do 29 de marzo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

«**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Cultura, Deportes e Xuventude efectuada a prol do quinto tenente de

alcalde, don Daniel Mallo Castro do día 5 ao 8 de abril de 2023, ambos incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolucións núm. 1323/2019, do 1 de xullo e 1424/2019, do 15 de xullo.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.»

- Da Resolución da Alcaldía núm. 541/2023, do 29 de marzo, cuxa parte dispositiva transcrita di:

«**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da Área de Benestar Social efectuada a prol da segunda tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> Lúa Sanguñedo Álvarez, os días 3, 4 e 5 de abril de 2023, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

**Segundo:** Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.»

#### 4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 250 resolucións numeradas da 262 á 511 do ano 2023, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
262/2023	17-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 23 de febreiro de 2023
263/2023	17-02-2023	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2022 número 5/2023 por importe de 92.802,41 euros financiada en 69.802,41 euros con compromiso de ingreso e en 23.000,00 euros con remanente de tesourería para gastos xerais
264/2023	17-02-2023	Aprobar a relación de 10 altas e 12 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023 no mes de febreiro
265/2023	17-02-2023	Expediente sancionador por unha infracción ao disposto na Ordenanza municipal de protección contra a contaminación acústica do Concello de Cambre, por preferir gritos na rúa fronte ao local Beagle, sito na Costa da Tapia, O Temple. Responsable: HKVP
266/2023	17-02-2023	Aprobar o proxecto "Mellora de camiños municipais en Castro, Nebrixe e Fontaiña (Bribes). Cambre 2023", cun orzamento de execución por contrata de 55.462,82 €, IVE engadido. Solicitar o outorgamento dunha subvención por importe de 40.000,00€ para a realización do proxecto "Mellora de camiños municipais en Castro, Nebrixe e Fontaiña (Bribes). Cambre 2023", conforme ao disposto na Orde do 29 de decembro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes
267/2023	17-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a MMHS por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
268/2023	17-02-2023	Asignar números aos lofts dentro da rúa Ramón Cabanillas, O Graxal, Temple, CP 15679, Cambre
269/2023	17-02-2023	Autorizacións venda ambulante ocasional no Entroido
270/2023	17-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 22 de febreiro de 2023
271/2023	20-02-2023	Desestimar o recurso de reposición presentado por IPM, en representación de IVB, contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 19 de agosto de 2022, polos motivos expostos nos fundamentos xurídicos



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		da presente resolución
272/2023	20-02-2023	Iniciar procedemento sancionador a CD como consecuencia da presunta comisión dunha infracción de carácter grave, tipificada no artigo 33 d) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, consistente no incumprimento do horario de peche do local denominado "Beagle", sito na Costa da Tapia, O Temple
273/2023	20-02-2023	Delegación de funcións da alcaldía os días 2, 3 e 4 de marzo de 2023 no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
274/2023	20-02-2023	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de xaneiro de 2023 por importe de 82.749,35 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o pagamento de 82.749,35 euros
275/2023	20-02-2023	Devolución de ingresos indebidos da taxa de subministración de auga por exceso de consumo por avaría no recibo do terceiro trimestre 2022 a ARA
276/2023	22-02-2023	Desistencia a axuda de emerxencia social de odontoloxía a MJPN
277/2023	22-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a OND por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
278/2023	22-02-2023	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a JCU
279/2023	22-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social a ADCM para pagamento dun recibo de gas por importe de 33,41 euros e un recibo de auga por importe de 47,46 euros
280/2023	22-02-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a MCMC
281/2023	22-02-2023	Asignar o número 11-B, á vivenda situada en Sixto, Cambre
282/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a X 2007 SL para a rectificación das deficiencias detectadas na finca sita en Monte, Bribes, - existencia de vexetación que está a invadir o espazo público, entrando en contacto co tendido aéreo
283/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a LMCh para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Folgueira, Vigo, que están a invadir o espazo público, entrando en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
284/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a FLAB, SA para a o roza da vexetación existente na finca sita en rúa río Gándara, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
285/2023	22-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a LMCh para a poda das polas das árbores existentes na finca sita en Folgueira, Santa María de Vigo, que están a invadir o espazo público, entrando en contacto co tendido aéreo, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia
286/2023	23-02-2023	Autorizar a EBD funcionaria de carreira do Concello de Cambre o desempeño en comisión de servizos do posto de xefe de unidade técnica de infraestruturas, na zona centro na Coruña da Dirección de Portos de Galicia, desde o 1 de marzo de 2023 e durante o prazo máximo dun ano
287/2023	23-02-2023	Iniciar procedemento sancionador a JLFC, para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente en ensuciar a vía pública como consecuencia da realización dun recheo en Quintán, s/n, Cecebre, estando tipificados tales feitos coma infracción de carácter grave polo artigo 27 b) número 1 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público
288/2023	23-02-2023	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 23 de febreiro de 2023
289/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a RH, S.L. para a roza da vexetación existente na finca sita na Barcala, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
290/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a IGC para a roza da vexetación existente na finca sita en Socampo, Cambre, por canto que se atopa nun estado de abandono, na proximidade de vivendas, e invadindo o espazo público, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
291/2023	23-02-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar os herdeiros de VPV, na parcela sita no lugar da Caneiro (Cambre), consistentes na execución dun recheo, sen título habilitante, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
292/2023	23-02-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de gas a MEG por importe de 151,96 euros e para recibo de auga por importe de 45,67 euros
293/2023	23-02-2023	Dar de baixa no padrón municipal de habitantes do Concello de Cambre por cambio de residencia, e falecemento ás persoas correspondentes ao mes de xaneiro de 2023
294/2023	23-02-2023	Concesión e apertura da urna perimetral sinalada ao número 172, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, a favor MPSB.co fin de inhumar o cadáver de don M.S.B. o día 28 de outubro de 2022
295/2023	23-02-2023	Asignar o número 20-B, á vivenda unifamiliar situada no lugar de Anceis, parroquia de Anceis
296/2023	23-02-2023	Asignar o número 1-A, a vivenda situada no lugar de Brañas, Lendoiro, parroquia de Cecebre, CP 15650
297/2023	23-02-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
298/2023	23-02-2023	Aprobar a adhesión do Concello de Cambre ao Programa PEL-Concellos 2023 de Axudas a Contratación de Persoas para a Execución de Obras e Servizos Municipais, de acordo coas contías, obrigas e compromisos establecidos nas bases da convocatoria publicadas no BOP núm. 13 de 19 de xaneiro de 2023. Solicitar á Deputación Provincial unha subvención por importe de 52.000,00 euros, de conformidade coas Bases reguladoras do programa PEL-Concellos 2023 publicadas no BOP núm. 13 do 19 de xaneiro de 2023, para contratar a cinco persoas para desenvolver servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985
299/2023	23-02-2023	Corrección de erros da resolución do concelleiro delegado de desenvolvemento local núm. 1583/2022 de 13 de setembro de 2022 da prórroga da autorización de venda ambulante na feira de Cambre
300/2023	23-02-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 1 para o ano 2023, solicitado polo seu titular JSP, e anotar o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
301/2023	23-02-2023	Efectuar o visado municipal da licenza de taxi número 22 para o ano 2023, solicitado polo seu titular MVC, e anotara o dito visado no Rexistro de Títulos Habilitantes (aplicación Rtaxi)
302/2023	23-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a JAFG por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
303/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a RGC para a roza da vexetación existente na finca sita en Balado, Cambre, por canto que se atopa nun estado de abandono, na proximidade de vivendas, e invadindo o espazo público, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
304/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MCB e IGC para a roza da vexetación existente nas fincas sitas en Socampo, Cambre, por canto que se atopa nun estado de abandono, na proximidade de vivendas, e invadindo o espazo público, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
305/2023	23-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a ETG para a roza da vexetación existente na finca sita en praza San Marcos, Anceis, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
306/2023	23-02-2023	Aprobar a nómina de febreiro de 2023 por importe de 426.602,90 euros brutos
307/2023	23-02-2023	Declarar a caducidade do expediente nº 2022/I002/000003 ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa, de acordo co establecido nos artigos 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JFC e SFK pola construción dun peche, carecendo do preceptivo título habilitante na parcela sita en Gamelas, s/n, Anceis, e sen gardar a preceptiva distancia de 4,5 metros ao camiño público municipal 1C.1.345, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
308/2023	23-02-2023	Suspender inmediatamente os actos que está a realizar MELL na finca sita en Canal, parroquia de Cecebre, consistentes na reconstrución dunha vivenda unifamiliar, sen axustarse á licenza municipal concedida mediante resolución do concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente de data 26 de xuño de 2014, xa que as obras executadas non están encamiñadas á rehabilitación da vivenda preexistente, senon á reconstrución dela, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
309/2023	23-02-2023	Suspender inmediatamente os actos que están a realizar VB, S.L., como construtor, e os herdeiros de JMBB, como propietarios, na parcela sita en San Roque, Santa María de Vigo, consistentes na rehabilitación dunha vivenda, sen axustarse á comunicación previa presentada no exp. 2022/U026/000364, de acordo co artigo 152 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
310/2023	24-02-2023	Estimar a solicitude de devolución de ingresos indebidos presentada por JDV e recoñecer o dereito do interesado á devolución do importe de 1.039,50 euros, en concepto de diferenza por exceso de pago entre o importe da autoliquidación aboada por erro con data 12.08.2022 (1.050,00€) e a tarifa aplicable segundo o establecido no epígrafe 1.11 do artigo 5º da ordenanza fiscal núm. 14, da taxa por utilización da piscina 10,50€
311/2023	24-02-2023	Autorización adhesión ao programa SON DE BARES
312/2023	24-02-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación a CARG por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto
313/2023	24-02-2023	Asignar os números 31 e 32, ás vivendas situadas no lugar de Roncesvales, Brexo, Cambre
314/2023	24-02-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		febreiro de 2023
315/2023	24-02-2023	Aprobar a xustificación presenta polo Club Ciclista Cambre - Caeiro, para a percepción da primeira achega do convenio asinado para a promoción do ciclismo 2022. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 27.000,00 euros a favor do Club Ciclista Cambre - Caeiro en concepto de primeira achega correspondente ao exercicio 2022
316/2023	24-02-2023	Conceder a autorización a AMi F para exercer a venda ambulante durante o día 26 de febreiro de 2023 nas inmediacións do pavillón polideportivo de Cambre en horario de mañá e tarde
317/2023	24-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CSM e para corrixir as deficiencias detectadas na vexetación existente na finca sita en Samosteiro, Cambre, que está a invadir o espazo público, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles
318/2023	24-02-2023	Incoar procedemento para declarar a caducidade da licenza concedida a JMPR por acordo da Comisión de Goberno de data 31 de outubro de 2000 para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Cobazas, parroquia de Andeiro, expediente nº 01/127/2000, ao ter superado con creces o prazo máximo de 6 meses, e a súa prórroga de tres meses, para o inicio das obras, establecido en dita licenza e no acordo da Comisión de Goberno de data 8 de maio de 2001 de concesión de prórroga, de conformidade co artigo 145-4 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia
319/2023	24-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución a AST para a roza da vexetación existente na finca sita en Muíños de Naya, Sigrás, por canto que se atopa nun estado de abandono e na proximidade de vivendas, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles
320/2023	24-02-2023	Conceder licenza a AVG para a reforma e acondicionamento da vivenda unifamiliar sita no lugar de San Bartolomeu, parroquia de Pravio, en solo cualificado como de núcleo rural
321/2023	24-02-2023	Conceder a PBR a prórroga do prazo para o inicio das obras de reconstrución do muro de contención medianeiro existente no lugar de Barreira, parroquia de Cambre
322/2023	24-02-2023	Conceder a JLCC a prórroga do prazo para finalizar o modificado da vivenda sita no lugar de Gaitero, parroquia de Sigrás
323/2023	24-02-2023	Incoar procedemento para declarar a caducidade da licenza concedida a don JJBF por acordo da Comisión de Goberno de data 16 de marzo de 2000 para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de San Paio, parroquia de Brexo, expediente nº 01/157/1999, ao ter superado con creces o prazo máximo de 6 meses para o inicio das obras establecido en dita licenza, de conformidade co artigo 145-4 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia
324/2023	24-02-2023	Conceder a IMG a prórroga do prazo para comezar as obras de ampliación e reforma da vivenda unifamiliar sita no lugar de Nebrixo, parroquia de Bribes, expediente nº 2020/U022/58, autorizadas por licenza concedida por resolución do Concelleiro Delegado da Area de Urbanismo e Obras nº 569 de data 27 de abril de 2021
325/2023	24-02-2023	Conceder a IRB a prórroga do prazo para finalizar a ampliación da vivenda sita no lugar de Brille, parroquia de Andeiro, expediente nº 2019/U022/000064, autorizada por licenza concedida por resolución do concelleiro delegado da Area de Urbanismo e Obras nº 710 de data 3 de xuño de 2020
326/2023	24-02-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de ÁCM, MVFC e MFC para a roza da vexetación existente na finca sita na Castellana Cambre, por



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		canto que se atopa nun estado de abandono e na proximidade de vivendas, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles
483/2023	21-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a AMFdeSL por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

484/2023	21-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
485/2023	22-03-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
486/2023	22-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparo da intervención municipal por importe total de 29.272,98 euros
487/2023	22-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JRRV, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
488/2023	22-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JCBP por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
489/2023	22-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, con efectos dende a data de sinatura da resolución da alcaldía a JDME, por non residir, nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
490/2023	22-03-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: OMF
491/2023	22-03-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: REC
493/2023	22-03-2023	Declarar que o Concello de Cambre se compromete a que no momento en que se leve a cabo o procedemento de contratación da actuación de "Recuperación do xardín da Casa Arrigada" se tramitará nos termos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público
492/2023	23-03-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 8/2023 por importe de 1.004.605,59 euros nas aplicacións e proxectos recollidos no antedito cadro, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
494/2023	23-03-2023	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 24.212,19 euros
495/2023	23-03-2023	Dar de baixa no Padrón municipal de habitantes por inscrición indebida, a DFDG, MNNV e GDY, por non residir nin constar a súa residencia habitual neste municipio, incumpríndose co establecido no artigo 54.1 e 68 do Real decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais
496/2023	24-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 28 de marzo de 2023
497/2023	24-03-2023	Delegación no concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de L.A.P. e A.C.S. o día 29 de marzo ás 11:00 horas
498/2023	24-03-2023	Autorización e disposición do gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000012 cuxo obxecto é a subministración consistente na adquisición de rótulos e catering en relación coa nova denominación da Biblioteca Central María Pita. Adxudicación do contrato menor á empresa LUZ CORUÑA S.L., no prezo ofertado de 1.880 € (IVE excluído); 2.274,80 € (IVE incluído)
499/2023	24-03-2023	Autorización e disposición do gasto no expediente de contrato menor para o desenvolvemento dun Programa destinado a prestar apoio para contrarrestar as consecuencias físicas e psicolóxicas xeradas entre a poboación debido á



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		epidemia da obesidade e malos hábitos de consumo. Adxudicación do contrato menor a Carolina Mosquera Martínez, por importe de 3.595,90 euros, sen IVE, 4.351,04 euros, IVE incluído
500/2023	24-03-2023	Altas no padrón municipal de habitantes de Cambre, por cambio de residencia e nacemento e autorización de trocos de domicilio e modificación de datos persoais, así como renovación da inscrición dos estranxeiros non comunitarios, e comprobación de residencia dos cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e outros estados pertencentes ao Espazo Económico Europeo, durante o mes de marzo 2023
501/2023	24-03-2023	Imposición a A.F.P., M.C.P.M., G.F.P. e J.B.F.A. dunha multa coercitiva con periodicidade mínima mensual e por un importe, cada vez, de mil euros (1000,00 €), ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras do día 14 de xaneiro de 2022, pola que se ordenou a demolición das obras realizadas na finca sita en Sarnoso, Brexo, consistentes na ampliación da construción auxiliar preexistente, e varias construcións auxiliares sen título habilitante, ao non ser as mesmas legalizables
502/2023	24-03-2023	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente dos actos realizados por Altamira Asset Management SA., consistentes na instalación dun cartel publicitario na finca sita en Pumar Méndez Cambre, sen título habilitante. Concesión dun prazo de audiencia de 10 días para alegacións
503/2023	24-03-2023	Requirimento a A.F.P., M.C.P.M, G.F.P. e J.B.F.A. para que regularicen as obras denunciadas consistentes na realización de movementos de terra na parcela sita en Sarnoso, Brexo, sen título habilitante, para o que se concede un prazo de 3 meses
504/2023	24-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a certificación liquidación da obra "Ampliación de abastecemento e saneamento Graduill e A Pena (POS+ 2020 Principal)" por importe de 7.033,84 euros
505/2023	24-03-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas e certificacións de obra núm. 4, 5 e 6 "Acondicionamento do entorno e da planta semisoto do local social de Meixigo. Cambre" por importe total de 17.640,44 euros
506/2023	24-03-2023	Suspensión inmediata da actividade de almacenamento de materiais diversos que se está a realizar no invernadoiro sito na finca sita en Sarnoso, Brexo, sen título habilitante. Infractores: A.F.P., M.C.P.M., G.F.P. e J.B.F.A.; Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística e concesión de prazo de audiencia de 15 días para alegacións
507/2023	24-03-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Mesa Local de Comercio para o día 29 de marzo de 2023, ás 11:30 horas nas antigas oficinas da OMIX do Concello de Cambre (rúa Wenceslao Fernández Flórez s/n; Cambre)
508/2023	24-03-2023	Aprobación da adhesión ao Programa SON de BARES de dona N.D.C. para a realización dun evento o día 26/03/2023 na rúa exterior do seu local El Var, segundo o plano que consta no expediente, coa actuación musical de Eric Hidalgo xunto co evento gastronómico Pulpeira de Camariñas, en horario de 13:00 a 15:00 horas
509/2023	24-03-2023	Desestimación do recurso de reposición interposto por C.C.P., actuando en representación de C.L.A., contra a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 3/03/2023, pola que se ordenou a suspensión cautelar da utilización da cheminea existente na grellada sita en Curros Enríquez, O Temple, así como a utilización da grella; mantemento de medida cautelar e outorgamento de prazo de 3 meses para presentación de documentación
510/2023	24-03-2023	Aprobación da relación de 13 altas e 10 baixas para participar no Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2023 no mes de marzo
511/2023	24-03-2023	Resolución concesión anticipo reintegrable á funcionaria de carreira por importe de 3.005,06 euros, a devolver en 24 meses

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

<b>Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de febreiro de 2023</b>
Proposta de devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade Hebe Sport, S.L., con CIF B15890809, no expediente número 2022/C004/00025, para o "Servizo de organización e desenvolvemento de campamentos urbanos do Concello de Cambre nos períodos vacacionais escolares"
<b>Sesión extraordinaria e urgente da Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro de 2023</b>
Adxudicación do contrato do servizo de produción do evento "Entroido pequeno en Cambre 2023" a prol do licitador José Luis Torrado Rodríguez no prezo ofertado de 32.480,00 euros sen IVE, 39.300,80 IVE incluído
<b>Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de febreiro de 2023</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Proposta de devolución da garantía definitiva a empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. adxudicataria da obra "<i>Reforma e reparación da piscina cuberta da Barcala</i>", obra cofinanciada pola Deputación provincial da Coruña ao abeiro do convenio asinado entre a entidade e o Concello de Cambre con data do 27/12/2013. Expediente número 2014/C003/000005</li><li>- Proposta de adxudicación do contrato da obra "<i>Ampliación de desmonte y muro perimetral en Brexo-Cambre</i> a favor da empresa Groma Obras, S.L., no prezo ofertado de 12.249,26 euros sen IVE, 14.821,60 euros IVE incluído</li><li>- Proposta de adxudicación do contrato de obra da "<i>Reforma da planta baixa do centro sociocultural Brexo Lema, Cambre</i>" a favor da empresa Groma Obras, S.L., no prezo ofertado de 9.568 euros sen IVE, 11.577,28 euros IVE incluído</li><li>- Proposta de adxudicación da póliza de seguro de flota de vehículos para o Concello de Cambre, contrato baseado no acordo marco formalizado pola FEMP o 12 de marzo de 2021, para a contratación de determinados contratos de seguros pola Central de Contratación da FEMP- Lote 6: Seguro para flotas de vehículos</li><li>- Proposta de adxudicación do contrato para o "<i>Servizo de delegado de protección de datos externo do Concello de Cambre</i>" a prol do licitador Ingade Connect S.L. no prezo ofertado de 2.400 euros sen IVE, 2.904 euros IVE incluído</li><li>- Devolución avais no expediente de contratación 2022/C004/000024 <i>Organización da V Romaría Galaico-Romana Galaicoi</i>.</li><li>- Proposta de designación do Coordinador de Seguridade e Saúde da obra denominada "Mellora dos parques infantís dos CEIPS Wenceslao Fernández Flórez e O Graxal". Expediente: 2022/C003/000022</li><li>- Devolución da garantía definitiva do servizo "Contratación da prestación do servizo de axuda no fogar do concello de Cambre." Exp: 2016/C006/000002</li><li>- Contrato de obra das Gradás cubertas e vestiarios para o campo de fútbol de Brexo. Expediente 2020/C003/000008</li></ul>
<b>Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2023</b>
Prórroga á anualidade 2024 do contrato " <i>Servizo de transporte dos participantes nas actividades organizadas polo Concello de Cambre</i> ". Exp: 2019/c004/000026

### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 14 de marzo de 2023

- Proposta de devolución das garantías para a obra "Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e no Camiño das Gamelas", constituídas pola entidade Construcciones Leonardo Miguélez, S.L., con CIF B15289614, no expediente número 2020/C003/00006
- Proposta de devolución da garantía definitiva para a obra "Renovación do firme nos camiños de San Bartolomeu-Armental e outros, Cambre", constituída pola entidade Canarga, S.L., con CIF B15360902, no expediente número 11/38-6 OB
- Proposta de devolución da garantía para a obra "Mellora do camiño municipal 0091 no Cobelo, Pravio , constituída pola entidade Canarga, S.L., con CIF B15360902, no expediente número 2018/C003/00001
- Proposta de designación de novo responsable de contrato para a "Contratación de servizos de redacción de proxectos e direccións de obras da área de Urbanismo y Obras do Concello de Cambre"
- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde e o Plan de Residuos presentados pola empresa "Ogmios Proyecto, S.L.", para a execución da obra denominada "Reforma e ampliación de complexo deportivo municipal A Barcala" (expediente: 2022/C003/000013).
- Aprobación expediente de contratación da obra *Reordenación do entorno do parque infantil na rúa Francisco Rodríguez obra incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS + 2021"*

### Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de marzo de 2023

- Proposta respecto de deixar sen efecto a designación como responsable do contrato de "Servizo de control de calidade das obras promovidas polo Concello de Cambre", efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 15 de xuño de 2021, a prol da dona Elena Bartolomé Delanoë, e designar como responsable do contrato á arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López.
- Proposta respecto de deixar sen efecto a designación como responsable do contrato de "Servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras promovidas polo Concello de Cambre", efectuada en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada con data 26 de xullo de 2021, a prol da dona Elena Bartolomé Delanoë, e designar como responsable do contrato á arquitecta técnica, dona Susana Bahamonde López.
- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación da subministración e impresión de papeletas de votación para a as eleccións municipais de maio de 2023. Expte. 2023/C005/000004
- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación da subministración de diverso material deportivo para pistas deportivas exteriores, polideportivo e campos de fútbol municipais do Concello de Cambre. Expte. 2022/C005/000006
- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación para o servizo de roza de estradas, camiños e fincas (expediente TEDeC núm. 2023/C004/000007), cun prazo de duración de un ano desde a súa formalización, podendo prorrogarse anualmente, e de forma sucesiva, durante catro anos máis, cun valor estimado de 783.000,00 euros.

#### 4.3. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO PRESENTADO POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PP DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS NAS COMISSIONS INFORMATIVAS

Pola Presidencia dáse conta do escrito presentado por D. Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, rexistrado

de entrada ao núm. 202399900001188 o día 6 de marzo de 2023, no que comunica a nova designación de concelleiros do Grupo Municipal Popular nas Comisións Informativas Permanentes, Comisión Especial de Contas e Comisión de Honores e Distincións do Concello de Cambre, segundo se transcribe a continuación:

1º Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico

- Titular: Juan María Abalo Castex
- Suplente: María Jesús González Roel

2º Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade

- Titular: Juan María Abalo Castex
- Suplente: María Jesús González Roel

3º Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social

- Titular: María Jesús González Roel
- Suplente: Juan María Abalo Castex

4º Comisión Especial de Contas

- Titular: Juan María Abalo Castex
- Suplente: María Jesús González Roel

5º Comisión Informativa Especial de Honores e Distincións

- Titular: María Jesús González Roel
- Suplente: Juan María Abalo Castex

*(Cando son as vinte e unha horas e doce minutos, auséntase da sesión a Sra. concelleira dona Olga María Santos López).*

#### 4.4. ROGOS

##### ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900002012 o día 27 de marzo de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego din:

**1º rogo** - Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

“Moitas son as ocasións nas que o Grupo Municipal Popular, trouxo a pleno o mal estado e/o falta do debido mantemento no que se atopan as instalacións do patrimonio municipal, centrándonos nesta ocasión no estado no que se atopa a Casa das Palmeiras, en pleno paseo marítimo do Temple.

Tal e como se observa nas fotografías que se achegan, os desconchados e mal estado das fachadas son visibles, ao que se suman os problemas advertidos este inverno con desprendemento desde o seu tellado, evidenciando un claro deixamento na súa conservación que xustifican a necesidade da súa reparación urgente.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se interesa que pola concelleira competente adóptense as medidas necesarias para que, o máis axiña posible repárense as fachadas da Casa das Palmeiras.”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que aceptan o rogo, por suposto. Di que a fachada da Casa das Palmeiras será reparada tan pronto como sexa posible; que simplemente gustaríalle aclarar neste punto, respecto do tellado, que os danos sufridos foron debidos á intensidade dos ventos que axitaron o municipio nos temporais do mes de xaneiro, que como todos saben danaron edificios e estruturas tanto públicas como privadas de todo tipo, non só a Casa das Palmeiras.

**2º rogo** - Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

“Veciños e usuarios do xogo da chave existentes na Costa da Tapia no Temple, alértannos do mal estado no que se atopa esta instalación municipal, froito do crecente vandalismo que estamos a sufrir no noso municipio, xunto ao propio paso do tempo.

Tal e como se advirte na fotografía que se achega, os ataques á devandita instalación, en forma de pintadas e graffitis, desmereceron o coidado co que os seus usuarios utilizan a dita instalación, o que evidencia a necesidade de que se proceda ao seu borrado e limpeza.

A iso engádese o paso do tempo que, inevitablemente provoca o envellecemento de toda construción, máxime daquelas partes dela compostas por materiais de conservación máis problemática.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular solicítase da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para devolver ás instalacións do xogo da chave existente na Costa da Tapia un estado óptimo de conservación.”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que novamente aceptan o rogo, e indica que neste período de Pascua aproveitarán para facer reparacións e limpeza e, entre outras, nese campo de chave, no que recentemente se acometeron unhas melloras a petición dos usuarios, pero por suposto que o limparán o mellor posible, se poden xa neste primeiro paso.

**3º rogo** - Lee o rogo o Sr. Abalo Castex:

“Unha vez máis, traemos a pleno o lamentable estado de limpeza e conservación no que se atopan as nosas rúas, prazas e lugares públicos.

Tal e como se observa nas fotografías que se achegan, as beirarrúas das nosas rúas mostran un deficiente estado de limpeza que, como en tantos outros asuntos, denota a falta de mantemento e o incumprimento, unha vez máis, das promesas adquiridas polo Goberno de Cambre.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular solicítase da concelleira competente que se adopten as medidas necesarias para proceder, o máis axiña posible, á correcta limpeza das beirarrúas, rúas, prazas e demais lugares públicos.”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que novamente aceptan o rogo; que estes traballos que lles comunican adoitan facerse con persoal que se contrata mediante a subvención chamada Risga, e neste momento as cinco



persoas que se contrataron este ano para tal fin atópanse, todas, de baixa médica. Di que por este motivo están un pouco atrasados estes traballos, porque ese persoal non o pode realizar.

Di que a limpeza abordarase con outros medios o antes posible, para o que xa se está a traballar nun reforzo de efectivos para a brigada de obras e paralelamente a empresa de limpeza reforzará o servizo nesas zonas.

O Sr. Abalo Castex pregunta entón como van resolver esa eventualidade da baixa.

O Sr. Mallo Castro di que igual non se explicou ben. Di que se vai contratar un reforzo para a brigada de obras e a empresa de limpeza municipal vai reforzar os traballos nesas zonas; que o tema da baixa, como comprenderán, é algo que lamentan e agardan se resolva o antes posible, pero non poden facer nada máis.

### **ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO**

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900002011 o día 27 de marzo de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

**1º rogo** - Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández:

“Rogamos a reparación dos diferentes elementos danados no parque infantil do Parque da Igrexa en Cambre.”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que aceptan o rogo e coméntalles que está en Contratación a documentación técnica para levar a cabo a contratación do servizo de mantemento e correctivos dos parques infantís no termo municipal de Cambre, no cal están incluídos, entre outros, os elementos danados do parque que comentan.

O Sr. alcalde intervén e pídelle ao Sr. concelleiro que explique tamén aos presentes o estado actual deses parques e xardíns, porque o concello pechounos.

O Sr. Mallo Castro explica que Cambre está baixo un nivel laranxa de alerta e, polo tanto, decidiuse pechar todos os parques infantís e as pistas deportivas municipais exteriores, e os campos de fútbol, así como os parques de maior afluencia, pola seguridade de todos os veciños e veciñas por mor do perigo de caída de ramas e ese tipo de cousas.

**2º rogo** - Lee o rogo o Sr. Cubeiro Fernández:

“Rogamos a substitución das luces avariadas na Casa da Cultura-Vila Concepción.”

A Sra. Varela Germade di que acepta o rogo; que lle gustaría aclarar que algunhas das luces xa se arranxaron ao día seguinte que se detectou o seu fallo, e as outras están á espera duns focos; que en canto os teñan resolverase o problema.

### **ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO E ROGO PRESENTADO ORALMENTE**

Rexistrados de entrada ao núm. 202399900002014 o día 27 de marzo de 2023, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

**1º rogo** - Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

«É unha realidade que as persoas que constrúen en Cambre unha vivenda teñen que ceder parte da súa parcela

ao concello, para que este, poida facer beirarrúas e, pasar infraestruturas de subministracións en caso de ser preciso.

E o que é unha realidade é que a parte á que se compromete o concello non acontece nunca. E a veciñanza afectada vive con lameiras nas portas de casa, asfaltado deteriorado, pedregais de “zahorra”.

Isto pódese ver claramente en zonas como Bandedo ou Piñeiro en Brexo- Lema, As Gamelas en Anceis ou Meixigo. Por non facer unha lista que percorre todas as parroquias.

Motivo polo cal rogamos un plan para abordar esta situación.»

O Sr. González Leirós contesta dicindo que, con todos os respectos, cre que o Sr. Varela parte de premisas equivocadas e cre que chega a conclusións incorrectas; di que fala o concelleiro de que o promotor da obra ten só a obriga de ceder os terreos para que despois veña o concello e urbanice, pero iso non é así.

Dille que a lexislación urbanística, que lles fala dos dereitos da propiedade, parte no seu principio dos deberes e obrigas, é dicir, que outorga uns dereitos, neste caso edificar, e hai que cumprir uns deberes, neste caso ceder e urbanizar, que é o que lles falta como segunda consecuencia.

Di que dende o ano 75 a lexislación obriga a que as fronteiras das parcelas sexan cedidas e urbanizadas polos solicitantes das licenzas; que en ningún caso a carga urbanizable lle corresponde ao concello, agás naqueles casos que son urbano consolidado, e aínda así pode derivar parte da carga mediante contribucións especiais; que outra cousa é que o concello, ata o de agora, non obrigara ao solicitante a urbanizar a súa fronte, e que agora este veña reclamar, cos impostos de todos, que se lles urbanice.

Di que esta posición contrasta coa esixencia que a día de hoxe se aplica; que o que edifica ten que cumprir cos deberes de cesión e urbanización; que en caso de non cumprir non procede a primeira ocupación é, polo tanto, habitar a vivenda; que esta non é unha regra especial do Concello de Cambre, senón que se vén aplicando nos concellos limítrofes dende o ano 1975, con toda a normalidade, por certo.

Di que a solución, entende o equipo de goberno, non pasa pola redacción dun Plan, nin porque o conxunto dos veciños mediante os seus impostos lle urbanice a fronte a quen non cumpriu no seu momento cunha obriga, por unha deficiente xestión do concello, si, certo, pero unha obriga ao fin e ao cabo, senón que pasa porque o veciño vaia urbanizando a súa fronte, no seu propio beneficio, ou porque vaian urbanizando anacos de rúas onde se inclúan esas fronte. Conclúe dicindo que cren que esa é a solución.

O Sr. Varela Fraguío di que só unha cousa, por dúbida, non por outra cousa. Di que dentro de que non se urbanice si que lles consta que ás veces quedan os postes de Fenosa, de Telefónica, no medio e medio das entradas ou en xiros bastante incómodos. Pregunta, segundo a explicación, se nese proceso corresponde intervir aos propietarios, ao concello ou á empresa subministradora do servizo.

O Sr. González Leirós contesta dicindo que é unha pregunta moi boa e que dende o concello entenden que corresponde ao propietario, pero só aquela actividade que entende o concello. Di que hai unha disputa tanto con Fenosa como con Telefónica, e ten que dicir que Telefónica se adapta moito mellor e Fenosa é máis reticente; que dende o concello entenden que a carga de urbanización significa que o propietario cando fai a súa beirarrúa debe facer as canalizacións por debaixo desa beirarrúa e deixar as arquetas pertinentes, e despois ten que vir Fenosa ou Telefónica, que para iso son as do servizo, desconectar, meter a instalación por debaixo e integrala; que o reto Telefónica acéptao, e e que Fenosa revólvese e intenta pasarlle ao propietario tamén a carga de baixar os postes.

Conclúe dicindo que nesa pelexa están continuamente, pelexando con Telefónica, con Fenosa, moitas veces o conseguiron, e outras veces os propietarios por non pelexar aceptan a carga, cambian o poste e xa está., pero é un problema.

Intervén o Sr. alcalde e di que, como saben, en Oleiros levan moitos anos urbanizando as fronteiras das parcelas e se non é por un lado por outro, cara a Lñás, vese que aínda hai postes aínda nas beirarrúas. Di que é un problema que teñen todos os concellos, sobre todo con Fenosa, e logo, se a parcela ten unha fronte moi pequena, terían que poñer un poste, baixar, pasar por ese tubo que deixan e despois volver poñer outro poste, e polo tanto a empresa o que está agardando é a ter unha distancia maior para sacar eses postes. Di que esa é a escusa que poñen.

**2º rogo** - Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío:

“Tras visitar o parque biosaudable da Barcala pódese observar a deterioración das diferentes máquinas, que presentan óxido abundante nalgúns casos.

Motivo polo cal rogamus a súa reparación, para evitar que os danos que teñen avancen ata deixar inservibles as máquinas.”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que si, que por suposto que aceptan o rogo, e que se van reparar o antes posible, como indicou anteriormente; que é posible facelo xa neste período de Pascua, farase.

**3º rogo** - O Sr. Varela Fraguío formula o seguinte rogo oral:

«Novamente, e como noutras edicións. Este rogo vén a colación do ‘Novas de Cambre’ que non é novidade, non nos gusta a nós nin a moita da veciñanza cambresa. Agradecemos nesta ocasión que non se trata dun “álbum do equipo de goberno, principalmente do grupo de UXC”.

Pero nos continúa a faltar a programación de actividades municipais. Servizos para a veciñanza. Novas para a mocidade, para a terceira idade e para as familias.

Novamente, parece un panfleto electoral, con verdades contadas a medias ou directamente mentiras. E non pasaría nada se non fora porque está incluído nos 150.000 euros que lle costa á veciñanza os canles de comunicación municipais.

Fai preguntar o servizo de comunicación para a veciñanza, para quen é? Para a veciñanza ou para os seus intereses electorais?

Rogamos, pois, que na vindeira edición se prime información real, útil e necesaria para a veciñanza.»

O Sr. alcalde manifesta que lles contestarán por escrito, pero que, evidentemente, o que para o Goberno é o normal para eles non o é, é o xogo democrático; que o que para o equipo de goberno é unha noticia e é verdade, para o Sr. Varela pode ser media verdade, que é o que di, ou unha mentira. Dille que terá que dicirlles onde está a media verdade ou a mentira. Conclúe reiterando que lle contestarán por escrito.

## 4.5. PREGUNTAS

### PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900002012 o día 27 de marzo de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactados en castelán e traducidos ao galego din:

**1ª pregunta** - Lee a pregunta a Sra. González Roel:

“Varias foron as ocasións nas que este Grupo Municipal Popular trouxo a pleno e comisións informativas a necesidade e conveniencia de ancorar os contedores de lixo para evitar a caída e/o seu esvaramento ante as frecuentes inclemencias do tempo.

Pese ao compromiso do Goberno local de adoptar as medidas necesarias para resolver o problema, o certo e verdade é que, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, como en tantas outras ocasións, as ditas promesas non se cumpren e os contedores de lixo seguen sen ancorar.

Por iso é polo que, desde o Grupo Municipal Popular se pregunta ao concelleiro competente se neste asunto se ten intención de cumprir coa promesa adquirida para evitar a caída e desprazamento dos contedores de lixo.”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que por suposto que se vai cumprir. Di que o 21 de abril de 2022 o concello remitiu ao Consorcio das Mariñas un expediente coas localizacións en todas as parroquias onde se consideraba que era necesario as bases, suxeicións, e di que están á espera de que vaian facilitando os medios para levalo a cabo; que vaise facendo segundo vai mandando o Consorcio esas suxeicións e bases.

Di que na fotografía que os concelleiros do PP achegan, eses contedores que están caídos non son susceptibles de suxeitarse, porque se recollen cun brazo mecánico e, polo tanto, non poden suxeitarse como fan cos pequenos, verdes, de orgánico e inorgánico, e de recollida tradicional.

O Sr. alcalde intervén e di que ese contedor en concreto seguramente foi mal colocado, non ten outra explicación, porque nunca viu un contedor deses grandes tirado por aí, os pequenos si, sobre todo nas parroquias onde non están suxeitos; que este probablemente fose que o tiñan mal colocado e tiña envorcado, porque non ten outra explicación cun contedor destas dimensións.

O Sr. Abalo Castex manifesta que cre que foi polo vento, imaxina, porque estaba baleiro. Di que a propia estrutura deste contedores, cando están baleiros e hai vento, e estaba no paseo marítimo, entón a propia estrutura é máis vulnerable; que isto respecto do tráfico é perigoso.

O Sr. alcalde di que por suposto, pero que realmente é a primeira vez que o ven; que normalmente é un caso dun neno ou un rapaz que o tira, pero non este caso

**2ª pregunta** - Lee a pregunta a Sra. González Roel:

“O pasado 4 de marzo produciuse un incendio no antigo matadoiro de Amil, xerador dunha grande e intensa fumareda que provocou, ademais da alarma e inquietude dos veciños, a mobilización de emerxencias da Xunta de Galicia, protección civil, policía local e bombeiros.

Descoñecendo as causas e consecuencias deste incendio, desde o Grupo Municipal Popular pregúntase por eles ao concelleiro competente en materia de seguridade cidadá.”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que tentará explicar a secuencia cronoloxicamente, para non deixarse nada. Di que o pasado 4 de marzo, ás 18:25 horas, a policía local de Cambre recibiu o aviso dun incendio no interior do antigo matadoiro Gadeca, na rúa Amil núm. 13; que os primeiros en acudir foi unha patrulla da policía local de Cambre que, unha vez comprobada a incidencia, deu aviso ao inspector xefe que se fixo cargo da coordinación

das intervencións; que a policía local trasladou toda a información ao 112, que foi que mobilizou ao parque de bombeiros comarcal, de Arteixo, aos bombeiros da Coruña, ao Seprona e aos servizos de emerxencias e protección civil de Cambre.

Di que eses servizos son os que mobilizaron os recursos oportunos e necesarios e controlaron o lume; que ás 20:35 abandonou o lugar o último retén de bombeiros do Consorcio, que cumpriron as actuacións refrescando a edificación; que a policía local de Cambre precintou todos os accesos ao inmovible e á parcela onde está situado. Tanto a policía local como protección civil mantiveron o control para evitar unha posible reactivación do lume que non chegou a producirse.

Continúa dicindo que consultado o persoal técnico, e isto responde á súa primeira pregunta, consultado o persoal técnico de extinción, descoñécense as causas da orixe do incendio; e sobre as consecuencias, que é a segunda pregunta que fan, son os materiais producidos polo fume e polas lapas.

Di que a día de hoxe existen dous expedientes abertos no departamento de Urbanismo, de requirimento de medidas cautelares para este inmovible, o 2022/I004/000043 e o 2022/I004/000037; di que tamén engadir que o alcalde en funcións e concelleiro de Urbanismo e Obras, o Sr. González Leirós, acudiu ao lugar do incendio e estivo presente traballando na coordinación do dispositivo ata a súa finalización.

Di que isto xa é persoal, felicitar unha vez máis aos corpos de seguridade e servizos de emerxencia, pola súa dilixencia, unha vez máis, na xestión e redución da incidencia: policía local, servizos de emerxencia municipal, parque comarcal de bombeiros do consorcio e parque municipal de bombeiros da Coruña, ademais da garda civil e o Seprona.

O Sr. alcalde manifesta que cre que niso están todos de acordo, non cre que sexa un tema persoal.

A Sra. González Roel manifesta que o reiteran tamén, por suposto.

**3ª pregunta** - Lee a pregunta a Sra. González Roel:

“Tendo transcorrido xa o período de exposición pública do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre (PXOM), desde o Grupo Municipal Popular pregúntase polo número e tipo de alegacións presentadas; así como así como o calendario previsto desde o Goberno municipal tras o peche do devandito trámite.”

O Sr. González Leirós contesta dicindo que o número de alegacións está en torno ás 1080, comparativamente coas do ano 2001, que foron 1899. Di que fala de en torno porque se están axustando as distintas formas de entrada, presencial, sede, SIR e carta certificadas, polo tanto pode haber algunha discrepancia, pero máis ou menos son esas.

O Sr. alcalde intervéen e di que, de todas formas, unha vez que se faga ese estudo se lle pasará o número a todo o mundo.

#### **PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO**

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900002011 o día 27 de marzo de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritos din:

**1ª-2ª-3ª pregunta** - Lee as preguntas o Sr. Cubeiro Fernández:

“O luns 27 de marzo estiveron a asegurar os colectores de lixo sitos na rúa Cruceiro, o carón da administración de lotería, para que non se moveran co vento (como sucedeu recentemente).

1. Teñen previsto asegurar colectores noutras parroquias?
2. En cales?
3. Cantas solicitudes recibiron neste mes de marzo na app de Servizos Cambre para asegurar colectores?”

O Sr. Mallo Castro contesta dicindo que como dixo na pregunta anterior que fixo o Grupo Municipal Popular, o departamento de Servizos fixo chegar ese expediente, con data 21 de abril ao Consorcio, no que se indicaban todos os colectores que o departamento de Servizos entende que deben ser asegurados, tanto en zona urbana como en zona rural, dando continuidade a unha solicitude do propio Consorcio de achegar as localizacións exactas dos colectores que deberan ser suxeitos ou enmascarados; que o Consorcio envía, de vez en cando, as bases e soportes, e segundo as características e o tamaño, vanse instalando nos contedores. En canto a cales se pediron, di que máis de 185 contedores en todas as parroquias. Solicitudes no mes de marzo non houbo ningunha, soamente unha chamada telefónica, e foi a que alertou dos contedores do Cruceiro.

#### **PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO E PREGUNTA PRESENTADA ORALMENTE**

Rexistradas de entrada ao núm. 202399900002014 o día 27 de marzo de 2023, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

**1ª pregunta** - Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“Visto que na inauguración da Biblioteca Municipal de Cambre anunciouse o nome do futuro auditorio na planta baixa do mesmo edificio. Xa teñen data aproximada de apertura para esta planta do edificio?”

A Sra. Varela Germade contesta que o proxecto está feito, habería que contratar e executar a obra, aínda que a dous meses para as eleccións será o equipo de goberno entrante quen marque eses tempos. E gustaríalle matizar que non foi unha inauguración, foi un renomeamento.

**2ª pregunta** - Lee a pregunta a Sra. Sánchez Vieites:

“Hai aproximadamente un ano, sorprendeu a noticia de que no concello foran plantadas 200 árbores en distintas localizacións. A verdade é que esta cifra tan alta non se traduce en máis verde para Cambre a simple vista. Poden concretarnos o estado destas plantacións a día de hoxe?”

A Sra. Parcero Quiñoy contesta dicindo que as plantacións se fixeron nas localizacións indicadas na nota de prensa á que fan referencia, e a día de hoxe presentan un bo estado.

**3ª pregunta** - A Sra. Sánchez Vieites formula a seguinte pregunta oral:

“Na sesión plenaria de xaneiro preguntamos polas supostas deficiencias no servizo de axuda no fogar, e constatáusenos firmemente que non había ningún tipo de problema no servizo, nin no referente ás condicións do servizo, nin o que se refire ás familias usuarias.

Pero a realidade é que neste grupo municipal seguimos a recibir queixas de todas partes, tanto de traballadoras como de familias.



No caso das familias, ademais das demandas xa expostas noutras ocasións, como horarios non adaptados ás necesidades das persoas usuarias, cambios continuos nos horarios das traballadoras e todo o trastorno que causan estes cambios de horarios nas persoas usuarias. Agora tamén lles dixeron que parece ser que non están a cobrar os recibos, motivo polo cal volven preguntar novamente como se está a avaliar o servizo dende o Concello de Cambre.”

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás vinte e unha horas e trinta e catro minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, do fe.

Vº e praxe

O presidente  
(Asinada dixitalmente)

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral  
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo